

**Os mares de *Antón e os inocentes* de Xosé Luís Méndez Ferrín.
A Guerra da Traíña e a vida escrava e trágica dos mariñeiros galegos
no Gran Sol**

***The seas of Xosé Luís Méndez Ferrín's Antón e os inocentes. The Traíña
War and the enslaved and tragic lives of Galician sailors in the Sole Bank***

Francisco Fernández Rei

(Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela /
ilgpaco.rei@usc.gal)

Data de recepción: 09/09/2024 – Data de aceptación: 02/10/2024

Resumo: Despois dunha introdución e dunhas notas sobre *Antón e os inocentes*, obra practicamente «inexistente», malia o autor considerala unha das súas preferidas, este artigo céntrase en Vigo e no seu mar, tan presente dun modo ou outro na novela. A seguir trátanse dous conflitos de loita de clases no mundo do mar: por unha parte, a Guerra da Traíña nas Rías Baixas (finais do século XIX e comezos do XX), con enfrontamentos entre os mariñeiros que pescaban sardiña co *xeito* (aparello de enmalle) e os conserveiros cataláns que, con veloces *traíñeiras*, a pescaban co cerco de xareta; e por outra parte, a loita polas melloras de salario e das condicións de traballo da pesca no Gran Sol polos mariñeiros galegos emigrados a Trintxerpe, barrio de Pasaia. Antes de dar a visión literaria de Méndez Ferrín deses conflitos, móstrase como os ven historiadores do mundo do mar. Despois trátase a vida dura e trágica dos galegos no Gran Sol, con fragmentos de historias de vida de «homes de ferro en barcos de madeira» que traballaron nese caladoiro. Finalmente, faise referencia á épica literaria do Gran Sol na narrativa e na poesía galegas despois de *Antón e os inocentes*.

Palabras chave: Méndez Ferrín, *Antón e os inocentes*, Guerra da Traíña, Trintxerpe, Gran Sol.

Sumario: 1. Introdución. 2. *Antón e os inocentes*, a novela «inexistente». 3. Vigo e o seu mar. 4. O mar da Arousa e a Guerra da Traíña. 4.1. Xeiteiros contra traíñeiros. 4.2. A loita dos xeiteiros en *Antón e os inocentes*. 5. A comunidade galega de Trintxerpe e a pesca no Gran Sol. 5.1. Trintxerpe, «meca do *soviet rojo*» en Euskadi. 5.2. Trintxerpe e o Gran Sol en *Antón e os inocentes*. 6. A dureza do Gran Sol contada por «homes de ferro» que a viviron. 7. O Gran Sol na literatura galega. 7.1. O Gran Sol na prosa: *Os ausentes de Casteltón* de Jacobo Barros. 7.2. O Gran Sol na poesía: *Transfusión oceánica* de Xosé Iglesias. 8. Cabo. Referencias bibliográficas.

Abstract: After an introduction and some notes on *Antón e os inocentes*, a practically «non-existent» work, although the author considers it one of his favorites, this article focuses on Vigo and its sea, so present in one way or another in the novel. Next, two instances of class struggle in the seafaring world are discussed: on the one hand, the *Traíña* War in the Rías Baixas (late 19th century and early 20th century), with confrontations between the Galician sailors who fished for sardines with the *xeito* (gill net) and the Catalan canners who, with fast rowing boats, fished it with purse seine net; and on the other hand, the fight for better wages and working conditions in fishing in the Sole Bank by the Galician sailors who emigrated to Trintxerpe, neighborhood of Pasaia. Before giving Méndez Ferrín's literary vision of those conflicts, it is shown how maritime historians see them. Then the article reflects the hard and tragic life of the Galicians in the Sole Bank, with fragments of life stories of «iron men in wooden boats» who worked in that fishing ground. Finally, reference is made to the literary epic of the Sole Bank in Galician narrative and poetry after *Antón e os inocentes*.

Keywords: Méndez Ferrín, *Antón e os inocentes*, *Traíña* War, Trintxerpe, Sole Bank.

Contents: 1. Introduction. 2. *Antón e os inocentes*, the «non-existent» novel. 3. Vigo and its sea. 4. The Arousa Sea and the *Traíña* War. 4.1. *Xeiteiros* vs. *traíñeiros*. 4.2. The fight of the *xeiteiros* in *Antón e os inocentes*. 5. The Galician community of Trintxerpe and fishing in the Sole Bank. 5.1. Trintxerpe, «mecca of the *red soviet*» in Euskadi. 5.2. Trintxerpe and the Sole Bank in *Antón e os inocentes*. 6. The hardness of the Sole Bank told by «men of iron» who lived it. 7. The Sole Bank in Galician literature. 7.1. The Sole Bank in prose writing: *Os ausentes de Casteltón* by Jacobo Barros. 7.2. The Sole Bank in poetry: *Transfusión oceánica* by Xosé Iglesias. 8. Coda. Bibliographic references.

1. Introducción

A novela *Antón e os inocentes*¹ de Xosé Luís Méndez Ferrín, datada en Nadal do 1970, publicouse en xuño do 1976 na editorial Xistral de Monforte de Lemos que dirixía o poeta Manuel María, asociada á librería homónima. En novembro do 1986 apareceu unha nova edición en Sotelo Blanco (reeditada en xaneiro do 1989), co limiar «Ao lector», asinado polo autor, onde se di que a obra só puido escribirse no lugar sórdido en que «toda incomodidad tiene su asiento»². Xerais publicouna en xuño do 2019 «cunha nova revisión exhaustiva que o autor tivo a ben facer», tal como sinala na introdución o editor Antón Blanco Casás; agora, antes da data «Nadal, 1970» do final da obra das edicións precedentes, aparece o nome do cárcere en que se rematou, «El Dueso (Santoña)».

Cando o presidente do goberno Luis Carrero Blanco decretou en toda España o estado de excepción en marzo do 1969, Méndez Ferrín axiña foi detido, xulgado e condenado a dous anos de prisión menor e multa de 25.000 pesetas, acusado de «propaganda ilegal» porque a policía encontrou e requisou no seu domicilio de Vigo tres exemplares mecanografados da novela inédita (e inconclusa) *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro*, asinada co pseudónimo de Laín Feijóo e dedicada ó Piloto, ó Foucellas e a outros guerrilleiros galegos³. Primeiro estivo preso no cárcere vigués da rúa do Príncipe, onde cumprirán condena o pai dun dos protagonistas de *Antón e os inocentes* e o protagonista de *Bretaña, Esmeraldina* (1987); despois estivo na prisión da Coruña, onde asina en agosto do 1970 o texto de política-ficción *Retorno a Tago Ata*; e finalmente, no devandito penal cántabro de El Dueso.

A miña contribución nesta homenaxe a Méndez Ferrín céntrase nos mares de *Antón e os inocentes*, novela que merquei en Vigo en xullo do 1976, pouco despois da súa aparición, mes en que fun profesor do curso de verán de español para estranxeiros que a universidade compostelá organizou na cidade olívica. Constantino García, director do curso, pedírame que presentase a dous dos conferenciantes, Álvaro Cunqueiro e Méndez Ferrín. Coñecía a obra publicada deste, pero creo que era a primeira vez que o ía escoitar falar. A súa conferencia tratou sobre a Xeración Nós; e despois de tantos anos aínda parece que o estou oíndo criticar os membros de Nós por interesárense, fundamentalmente, pola

¹ No título da cuberta da edición de Xistral aparece o termo *inocentes*, pero *inocentes* na portada interior. No texto rexístrase *inocente* (135 e 150) e *inocentes* (135).

² Como indica Blanco Casás (2018: 8), a frase é do prólogo do *Quijote*, onde Cervantes dicía: «como quien se engendró en una cárcel, donde toda incomodidad tiene su asiento».

³ O texto completo da dedicatoria é «Ó Piloto, derradeiro guerrilleiro de Galicia, abatido a tiros en Belesar (Lugo) no ano 1964. Na memoria de Foucellas, Ponte, Raul, Bailarín, Curuxás e tódolos xefes guerrilleiros que defenderon o honor, a liberdade, a democracia da NACIÓN GALEGA e morreron». Tiro esta cita de Ramallo (2020: 89), que restaurou o texto da novela a partir de dúas das copias e dunha tradución castelá que no seu día fixo Francisco Fernández del Riego, que están depositadas no Centro Documental da Memoria Histórica (CDMH), dependente da Secretaría de Estado de Cultura e con sede en Salamanca.

Galicia labrega e mariñeira (en realidade máis ben pola labrega e fidalga) e non teren apenas en conta nin a Galicia urbana nin a industrial.

Non sei se lin a novela antes ou pouco despois desa conferencia; pero lembro que moito me gustara desa obra que nela estivese presente o mar da Arousa por traballaren nel meu pai, meus tíos e meus avós, e por viviren da venda do peixe e do marisco dese mar miña nai e as mulleres do noso clan familiar. Ademais, era o «meu» mar, non só por criarme na súa ribeira, senón porque o mes de xullo do 1972 andei ós chopos coa rapeta nas Canles do Vao, cerca do istmo do Grove e, sobre todo, andei á sardiña e ó xurelo co chinchorro, do *axexo á lusada*, fondeando o barco unicamente para cearmos, en postas de San Vicente do Grove, de Aguiño e noutras, mesmo cerca dalgún rebastal no medio da ría coma Os Mesos.

2. *Antón e os inocentes*, a novela «inexistente»

En palabras de Méndez Ferrín (1986: 11), a novela é parte dunha triloxía «cuxo primeiro volume titúlase *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro*, e non se publicará namentres eu viva⁴, e cuxo volume derradeiro aínda non foi escrito ou polo menos aínda non foi terminado de escribir». Esta obra será *No ventre do silencio* (Xerais, 1999), ambientada na Compostela da década de 1950 e que ten, entre outros protagonistas, os «inocentes» Berto e Narda.

Tal como indica no citado limiar «Ao lector» (Méndez Ferrín 1986: 10-11), en *Antón e os inocentes* o autor quería cambiar paradigmas da literatura galega ó levar ás súas páxinas a Galicia urbana e industrial, neste caso Vigo, e á vez defender unha literatura comprometida:

Vigo atópase un pouco menos desasistido pola literatura desde que eu o trouxen eiquí e que, cecáis, os escritores bons galegos (que sempre andan de costas ao mariñeiro e aos oficios manuais de terra) ben poderían sentirse estimulados a facer romances navais ou tocantes ao mundo do traballo a seguir este meu cativo relato.

Ese limiar é, en certo modo, o recoñecemento polo autor do fracaso da novela que publicara había dez anos. Con ela quería que na literatura galega se asumise a realidade obreira e urbana de Galicia. Como sinala Blanco Casás (2018: 12) nun

⁴ Verbo da novela incautada dicía Méndez Ferrín uns anos despois: «Non a vou rematar porque eu coido que non é unha boa novela; se alguén despois de que eu morra ve que funciona ben, que a publique, pero coido que será máis ben por curiosidade que por outra cousa; á parte que, ó marxe do seu propio valor, repúgnome a publicidade que se lle poida facer pola utilización deste proceso» (Salgado / Casado 1989: 146). Tal como indicou Ramallo (2020: 96, nota 5), parte da novela «foi publicada no Prólogo de *Elipsis e outras sombras* (Galaxia, 1974), en que se describen as personaxes de Lisardo Portela González, María Luisa Lis, Heriberto Puig e Lisardito Portela de Lis. Este último é central na novela inédita. Con todo, a versión publicada é máis breve e non recolle a evolución final de Lisardito, clave para entender *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro*».

traballo sobre o proletariado en *Antón e os inocentes* como suxeito político da Galicia reivindicada por Méndez Ferrín, o autor «quere dotar de contido político transformador a súa literatura, pero tamén chama aos seus colegas a facelo». Este investigador lembra que do 1976 tamén é *Con polvora e magnolias*, poemario que mudou o rumbo da poesía galega cos mesmos preceptos que aparecen en *Antón e os inocentes*.

Ademais, no citado limiar Méndez Ferrín confesaba que nese libro «están algunhas das páxinas máis exactas, duras e esixentes que eu teña rematado nesta vida traballada»; e anos máis tarde consideraría que é unha das súas obras preferidas, malia a novela ser ignorada pola crítica⁵. Hoxe, case catro décadas despois, non é esaxerado dicir que se trata dunha obra, en certo modo, «inexistente»⁶.

Segundo Blanco Casás (2018: 3), esta obra «podería dar varias das chaves para unha mellor comprensión da tradición narrativa galega», á vez que a súa lectura «pode axudar a abordar, desde un dos seus momentos menos tratados, a complexidade da obra completa de Méndez Ferrín». Estima que a novela non ten un papel principal no canon literario galego, do que é proba que non figurase no 2000 no *Diccionario da literatura galega* coordinado por Dolores Vilavedra (Blanco Casás 2018: 10-11).

Na introdución da recente edición de Xerais, Blanco Casás trata a recepción da obra:

Manuel María, saíbase, foi o primeiro editor de *Antón e os inocentes* en Xistral, ao servizo do Partido. Quizais por iso, polo noxo dalgúns cara ao Partido, ou porque non chegou desde Monforte a un público, ou porque non había ese tal público, foi aparecer a novela e pouco máis. Se cadra, peor ca unha mancha de paus foi a falta de crítica. E calo. Pero sae da terra outra vez a novela, dez anos despois, na Medusa de Sotelo Blanco, e tanto do mesmo. Quero dicir; paréceme de xustiza que esta peza se lea, se critique e se revise coma un elo importante nas nosas letras. (Méndez Ferrín 2019: 8-9)

E nun artigo recente insiste nesa mala acollida:

Xa que logo, a novela, por infortunios editoriais e cruentas batallas no campo literario, nada alleas, coido, á novidosa proposta política que pon sobre a mesa, non conseguiu xamais ter unha presenza constante nas librerías e, nin moito menos, ser un punto de atención para a crítica e os lectores. [...] Se tantas páxinas lle teño dedicado persoalmente ao estudo deste libro é porque creo con firmeza que

⁵ Cando Del Caño (2005: 115) nunha entrevista a Méndez Ferrín lle di «*Mereceu a pena, porque vostede comentou moitas veces que Antón e os inocentes é unha das súas obras preferidas*», o autor apostila: «-Por min, non polos críticos».

⁶ O xornalista, editor e crítico César Lorenzo Gil «Cequeliños» tampouco a mencionou na excelente gabanxa que fixo da obra do autor de *Arraianos* o 20 de xullo do 2024 na homenaxe a Méndez Ferrín na Insua dos Poetas (O Carballiño). Ben é certo que non se referiu a todas as obras literarias do autor.

estamos a falar dunha obra capital para comprender a Galicia contemporánea e a súa literatura. (Blanco Casás 2020: 199)

A novela dá conta da iniciación sentimental dos mozos Alberte Fernández Comesaña «Berto» e Lionarda Miguez «Narda» no Vigo da década de 1950, que de xeito monologado van contando a historia das súas familias⁷. Berto é fillo de nai viguesa de Coia e de pai mariñeiro con raíces no Barbanza arousán; Narda provén dunha familia de zapateiros da ourensá Vilanova dos Infantes instalada en Vigo. Os dous mozos irán perdendo a inocencia ó iren tomando conciencia da clase proletaria a que pertencen.

Entre as intervencións de Berto e de Narda, intercálase a historia dun curmán da nai de Narda, Antón Carballo, desertor da guerra civil española do 1936 e mercenario no exército francés na guerra de Indochina contra o Viet Mihn, onde participou na batalla de Dien-Bien-Phu. Méndez Ferrín refírese na novela e considera que «é a primeira fazaña bélica moderna nas letras galegas». Antón, que simboliza a ausencia de inocencia, a culpa e mesmo a maldade, acabará aparecendo en Vigo.

Carmen Blanco inscribe *Antón e os inocentes* e o relato «Prólogo» de *Elipsis e outras sombras* (1974) «na veta máis realista do autor, ficando fóra do xénero de política-ficción» (Blanco 1994: 22); porén, pensa que existe conexión con esa ficción pola «fugaz expansión fantástica» na novela e pola «distorsión expresionista» no citado «Prólogo»⁸.

3. Vigo e o seu mar

En *Antón e os inocentes* é fundamental a presenza de Vigo, cidade industrial e portuaria, con xente que se move en coche, en tranvía, en autobús ou en barco; con todo, como indica Blanco Casás (2020: 187), é «unha sorte de aldea xigante sen unha estrutura clara entre centro e periferias, diseminada de hortas e leiras que se alternan con bloques de vivenda». Unha mostra dese Vigo aparece nestas palabras de Narda:

Chuvia miúda que por veces vaise e medra un vapor antre os tranvías e os coches, en ruído horroroso. Na aceira pousan grandes pés baixo pantalóns de mahón, e paraugas enormes, se tal, ábreanse. É a agarda dos autobuses obreiros que devolven

⁷ Tamén hai un narrador, como se pode ver, entre outras, nas pp. 103-104 onde se conta a primeira vez que Narda viu o mar e a sensación que este lle produciu.

⁸ Blanco Casás (2020: 189, nota 112), xulga inoperante a división que fai Carmen Blanco da narrativa ferriniana entre unha vertente realista e outra fantástica, pois esa distinción «contribúe a crear unha serie de puntos cegos que impiden ler a obra enteira (tamén a produción poética, política e crítica) de Ferrín, malia que existe neste global indiscernible tal contradición que, lonxe de axudar a clasificar os textos, xera a imaxe dialéctica necesaria para que poida deterse a obra e ser lida en conxunto».

o albañil a Tomiño, Salceda de Caselas, pra un weekend de traballos agrícolas e longos seráns de partidas de cartas e augardente. Gostaría-me traducir a palabras aquela atmosfera, con cheiro a gabardina mollada, das sesións continuas no Avenida, no Niza, no Palermo, no Roxy, contigo ou con miña nai ao lado. Enténdesme, Berto. Sei que me entendes. Sei que ti tamén amas o bairro, a semi-aldea, as partidas de chave en Espiñeiro-Teis cos metalúxicos de Factorías Vulcano ou con algún vello mariñeiro.

Ese Vigo vexetal, laberíntico, de Lavadores, lonxe do mar –do mar que eu odio e ti non–, lonxe de Príncipe, lonxe dos escaparates. (Méndez Ferrín 2019: 144)

En palabras de Carmen Blanco (1994: 15), na obra de Méndez Ferrín, «Vigo será referencia do mundo do mar e da urbe industrial, simbiótica a proletaria ao longo de toda a súa traxectoria»; e por esas características «a cidade tamén será símbolo dunha desexada liberación concebida en clave marxista, a partir dos anos setenta», liberación que en *Antón e os inocentes* se asocia con

a fuxida do illó-Santiago (que quixo como non quereda endexamais a vila nengunha) cara aos bairros vexetais de Vigo, xofrenta estrada da cor do tempo, cara ao contacto, man sobre man, cos sopladores do vidro, ruínas de xente ida, e a agarda das eras novas, indagadas sen as atopar, en cada rostro descoñecido, como o sinal da volta, da Orestíada, xeneral concentración da poeira, resume e vasoira noviña, unha estrela que fose, vermella cada día e por chegar. (Méndez Ferrín 2019: 58)

Anos despois, no «Diálogo de Lampetusa e Sponsor», onde trata demoradamente o mar, as rúas e as xentes de Vigo e onde pasea pola vida e a historia de Alcibre, da ribeira do Berbés, de Coruxo... e polas parroquias labregas que se foron incorporando e urbanizando, nas liñas iniciais aprecia en Vigo unha metáfora de Galicia: «–Un pequeno mundo. Unha síntese, polo menos, da existencia histórica de Galicia, da nosa patria»; e aínda entendendo por Vigo o seu termo municipal, «é moito máis ca unha cidade» (Méndez Ferrín 1989: 7).

Vigo vén sendo un resumo de Galicia, onde «está toda a patria ben representada»⁹, que no relativo ó mar ten lanchas e remos, portos pesqueiros e comerciais, praias para vararen pequenas embarcacións e redutos para a Mariña de Guerra.

⁹ Tal como conta Lampetusa, «Temos un castro, petroglifos, mámoas que nos dan testemuña das raigañas. Temos feituas igrexas románicas, como esta de Castrelos, e a de Bembrive e o ábside de Coruxo. Temos unha cidade que fora murallada, cos seus castelos e fortificacións aínda en pé. Temos lanchas, temos remos –como na cantiga popular: portos pesqueiros e comerciais. Temos tamén praias onde varar pequenas embarcacións, e redutos no monte da Guía para uso da Mariña de Guerra. Temos aldeas agrícolas e montañas, contra Samáns e as estribacións do Galiñeiro, nas que pacen ceibas as vacas e os cabalos bravos. Municipio ningún de Galicia acumula variedade tal, Sponsor» (Méndez Ferrín 1989: 8).

Sinala Blanco (1994: 15) que na obra de Ferrín a cidade olívica «eríxese en símbolo dun futuro certo» e que a Galicia real estoupará nesa cidade do sur, que é «vangarda galaica», como se ve nestas palabras de Lampetusa a Sponsor:

L. –Fixa o que che digo: todo o que en Galicia hai de novo e criativo naceu, na época moderna, en Vigo. Non poderemos entender o galleguismo sen ler «La Oliva» e, nela, os ardentes escritos patrióticos que desde Madrid lle enviaba Murguía. O primeiro libro en galego, «Cantares Gallegos», é sabido que se edita en 1863 na imprenta de Compañel da Rúa Real. Tras da guerra é en Vigo onde se orixina, antes que Galaxia, que tamén é viguesa, a primeira empresa editorial galega, Monterrey, da man de X. M. Álvarez Blázquez e Luis Viñas Cortegoso. Non podería entenderse o nacionalismo de esquerdas, nen o sindicalismo de dirección galega sen comprender a folga xeral de Vigo, en 1972. Como tampouco a historia do comunismo sen estudar a escisión «Organización Obreira», que se separou do seu partido e moitos de cuxos membros, aínda padecen infortunadamente hoxe prisión. Os derradeiros fusilados por Franco, Sánchez Bravo e Humberto Baena, eran vigueses e en Vigo tiveron o seu berce político. Poderíamos seguir falando de pintura e de literatura, pero non fai falta. En Vigo, en xeral, invéntase, e logo o inventado reifícase, transfórmase, dexenera, perde violencia e acuidade noutras partes de Galicia. Semella ser unha lei. (Méndez Ferrín 1989: 26 e 28)

O Vigo portuario e o seu mar aparecen en bastantes páxinas de *Antón e os inocentes*. Descríbese o primeiro encontro de Narda con ese mar (e co porto) e as súas negativas impresións:

A primeira vez que vira o mar, Narda ollouno despaciosamente, mensurou o seu lombo como o dun animal abominábel, desexou matalo, personificou nel e mais no seu alento (bruído apouvigante, abouxador, das grúas de descarga, barullo dos molles de pesca, co seu fedor incisivo, falas esguías e zigzaguentes das mulleres barudas arrastrando os carretóns de caixas, na Ribeira) un símbolo nebuloso, letal, da súa disgracia. Case que se sentira aliviada ao ver perderse o trasatlántico no final da ría, co seu pai no ventre. (Méndez Ferrín 2019: 103)

Narda odia ese «horrendo» mar de Vigo, onde seu pai comezou a singradura que o levou a Venezuela:

O usureiro, vil tratante, vampiro que as ha pagar, garabata de lunares e gafas Truman, púxoos no molle, neste molle de Vigo. Aquel, este mar horrendo! Gomitarei sempre auga deste mar, Berto. Si, horrendo. Será por sempre veneno, ácido, humor do diaño, este mar de Vigo, pra min ao menos. (Méndez Ferrín 2019: 52)

Cando o vento levaba a sirena dun barco ó seu leito, Narda acordaba sobresaltada; porén, a presenza de Berto, fillo e neto de mariñeiros, foi acurtando a distancia que tiña co mar e desvestíndoo do carácter de enseña da súa condición de filla de emigrante, á vez que reduciu «a zona da súa adversión aos doks de carga e mais á estación marítima viguesa, chegando un intre a lle resultar tolerábeis e mesmo familiares, e non sabía ela ata qué punto amados, os peiraos da Ribeira, as tabernas mariñeiras» (Méndez Ferrín 2019: 103).

Aínda así, cando Narda e Berto, asumiron plenamente a súa conciencia de clase proletaria e deixaron atrás a inocencia, converténdose na esperanza da Galicia arelada por Méndez Ferrín, ela declara amor ó Vigo labrego e odio ó mar:

Cánta derrota, cánta derrota de irmás nosas, años inmolados ao mostro, gran Moloch que nos asombra, aterra, reduce a todos. Amo, amarei sempre as hortas, piñeiros, millos, de Vigo, nos cotarelos de Matamá e o Val do Fragoso. Odio, en troques, o mar, e repelo os seus últimos malecóns de vicio e estropicio. Non te decatas, Berto, nin podes. Non podes ver como eu vexo o mundo dende eiquí, dende Vilanova e Vigo. Ou si que te decatas. Porque vemos os dous o mundo dende a terra, pobo, material primeiro, ferro proletario en cada ollo; nas mans camelias, magnolias de vangarda, Berto. (Méndez Ferrín 2019: 146)

Neste libro está presente o Bouzas mariñeiro, onde o pai de Berto se enrolou para traballar no Gran Sol; e tamén o Bouzas industrial cos seus estaleiros:

[...] tomaban o camiño de Bouzas, moles e entregues, ledos se os hai, naquela noitiña delongada longa, de zucre zucrada. Ollaban as luces dos esteleiros, as grandes sombras dos barcos, as elegantes, enormes grúas, coma paxarotes, a faísca azuada do soplete dos soldadores, coma un lucecú metálico, ou doutro planeta, correndo de eiquí pra alá, índose, volvendo en cadoiro cegador. (Méndez Ferrín 2019: 159)

Entramos nas tabernas mariñeiras da ribeira con cheiro a peixe frito, onde se refuxia Berto para compartir uns chanqueiros:

Un pesado vapor enchía a taberna mariñeira, e mais un trono seguido de berros e arrastrar de botas de augas. Entraban e saían homes mollados, e un cheiro a cousas fritidas –chinchos, sardiñas, panchos, bogóns– cobríao todo. A voz incansábel, fina, de Alvarito disertando apaixonada contra, e dicindo cousas intelixentes, esguías, agudas coma navalla contra, tremendo, producindo todo o seu corpo en vivo, puro xesto contra, servíalle, ao escoitalo sen prestarlle demasiada atención, de descanso, de alivio. (Méndez Ferrín 2019: 125-126)

E é nalgún areal vigués onde Narda, malia á súa reticencia ó mar, lembra ter sido feliz con Berto nesa praia na silenciosa presenza de tres gamelas (seguramente curuxeiras, propias do mar de Vigo) varadas na area:

E a praia, que a conturbaba en inverno, en outono, que a abalaba, deixándose invadir por marés de vento, zoándolle en torno das fontes, abafándoa cando abría a boca pra que os quentes sales¹⁰, os durísimos coitelos do norde, as molladas bafaradas do oeste, a enchesen, a dominasen. Produciuse a mudanza moi gradualmente, progresivamente, pero sen que ela o adevirtira. Emporiso, ao día seguinte sentiuse moi sorprendida, e como cambiada, ao se decatar de que fora feliz na praia a mañán denanterior. Nun curruncho, coma oquedade abrigosa, atopábanse os dous ben, cheiraba ao verdello e non había alí ninguén, fóra de tres gamelas varadas na area. Retiráranse tanto as augas que se vía o final da area e o longo pedregullal, que entraba na iauga, plano, baixo os aires tépedos. (Méndez Ferrín 2019: 103-104)

¹⁰ Debe ser un erro por *sules* das edicións anteriores: Méndez Ferrín (1976: 92) e (1986: 122).

En espazos afastados fronte ó mar, onda as praias, Narda e Berto facían o amor, «ao que se entregaban con furia» despois daquela primeira vez:

Todo comenzaba cun paseo, coma tal por Samil, polo Cocho das Dornas. Ollaban entón as dunas, o argazo estrando a praia, a desolación marítima que os aterecía. Agardaban, sabedores, a que xurdira o intre exacto, que revíña sempre, tremendamente idéntico a aquel en que miraran as pegadas da londra sobor da area, e ás veces sentían chegar, talmente unha presenza, arrodeándoos e illándoos do mundo en torno. Mesmo reducindo o frío, ou a inclemencia exterior. Entón é o momento en que as bocas, cun arrastre fondal, sen premeditación, se percuran, explóranse. Retomba a onda sobor do areal, conmove a terra, combate, arroia e recomenza. Ábrese un derradeiro raio, véntalle de luz de contra Cabo de Home, e o cuspe férvelles, e linguas furiosas mainamente correspóndense o seu quentor, de amor. [...] E mans estremecidas afúndense en carrumeiro, en cabelo, descen aos tépedos infernos, tremen nos lugares precisos e mollados, reciben tactos visgosos, érguense. O xemer, o amor, volve coa onda, toma ar, cai, espanta o lombo. (Méndez Ferrín 2019: 113)

4. O mar da Arousa e a Guerra da Traíña

Entre 1897 e 1905 desenvolveuse a denominada Guerra da Traíña ó chegaren ó litoral galego desde Euskadi e Cantabria as veloces *traíñeiras*, embarcacións longas e estreitas, de pouco puntal e calado, sen quilla e moi finas de proa e de popa¹¹, que pescaban a sardiña co aparello coñecido como cerco de xareta, de estrutura semellante á antiga arte da *traíña*, pero de menor extensión ca esta¹². Os conserveiros cataláns (e os fresqueiros, exportadores de peixe fresco) favoreceron a pesca con traíñeiras, pois o seu aparello nun só lance podía tomar 50 cestas de 100 quilos, mentres que o tradicional *xeito*¹³ das dornas e lanchas xeiteiras apenas tomaba 8 cestas.

¹¹ A tripulación da traíñeira formábase un patrón, un piqueiro ou temoeiro e unha ducia de remeiros, que lle daban a velocidade necesaria nas manobras.

¹² O cerco de xareta –tamén chamado cerco americano, cerco ou cope– constaba de dúas grandes redes, as pernas, e un cope, cun tamaño aproximado de 24 ou 25 metros de alto no centro e 19 nos extremos e 50 brazas de longo. A relinga ou tralla da parte superior leva cortizas moi mestas, mentres a da parte inferior leva chumbos e cabos rematados en argolas polas que corre a xareta para fechar o aparello e así embolsar o peixe (Giráldez 1996: 222).

¹³ Hoxe aínda se pesca a sardiña e a xouba co xeito, que xa existía no s. XVI. A cacea deste aparello fôrmana cinco pezas (*man*, *antemán*, *tres*, *catro* e *rabo*), que se arman cuns fíos da parte estreita das pezas, os *matafíos*. A rede refórzase todo arredor con outra de pano máis groso, onde vai a tralla das cortizas e a dos chumbos. Cando se larga, o xeito tende a calear cara ó fondo, polo que se poñen na tralla da cortiza rabizas longas cun bourel. Normalmente o xeito leva sete boureis en cada peza (Calo Lourido 1980: 23).

As traíñeiras, que traballaban de día ó *caldeo da raba*¹⁴, podían dar varios lances, mentres que o xeito só se largaba ó *axexo*, cando o día vai morrendo e entra a noite, ou á *lusada*, ó apareceren as primeiras luces do día, pois son os dous momentos en que mellor enmalla a sardiña nesa arte de deriva¹⁵. Ademais, co cerco de xareta a sardiña estaba máis enteira polo que era mellor para a conserva e para a venda en fresco, mentres que a do xeito había que debagala (sacar unha a unha da malla) e non sempre saía enteira a cabeza.

4.1. *Xeiteiros contra traíñeiros*

No 1883 botouse en Donostia a primeira traíñeira, no 1896 xa traballaban catro na ría de Viveiro e un ano despois hainas nas augas do Barqueiro, de Cariño e da Coruña. As protestas dos xeiteiros comezaron no 1897 na ría de Vigo coa destrución da primeira traíñeira que varou nas praias viguesas. O conflito estendeuse ás Rías Baixas, pero tamén a portos sardiñeiros como Sada, Redes ou Mugar dos para pedir a prohibición da pesca con traíñeiras. Neses momentos no Porto do Son rexistráronse os incidentes máis graves ó dinamitaren os mariñeiros tres traíñeiras amarradas na praia (Giráldez 1996: 223).

As protestas iniciadas na ría de Vigo, con Cangas do Morrazo como mascarón de proa, radicalizáronse na ría da Arousa, onde había o maior número de xente que andaba ó xeito. En xaneiro do 1898, 500 mariñeiros de Cambados e do Grove con paus e coitelos invadiron os almacéns de Carreró na ribeira cambadesa de Fefiñáns para asegurárense de que non había cercos de xareta (Pereira 2010: 76-77); e en Porto Meloxo (O Grove) ocupáronse os almacéns dos cataláns e queimáronse todos os aparellos (Pereira 1998: 195).

Fernández Casanova (1988: 190-197) estudou o conflito entre xeiteiros e traíñeiros, sobre todo no ano 1900, cando nas Rías Baixas houbo unha restra de manifestacións antitraíñeiras na primavera e no verán dese ano: en abril en Marín; o 14 de xuño en Moaña, Aldán e Bueu; o 26 de xuño en Vigo, cunhas 2.500-3.000 persoas de Baiona e das rías de Vigo e Pontevedra; o 28 de xuño en Pontevedra, onde se reuniron 1.500 representantes de todas *Las Sociedades Marineras* de Fisterra á Guarda, mesmo obreiros de Marín e Bueu que simpatizaban coa loita antitraíñeira; o 7 de xullo en Pontevedra maniféstanse 5.000 mariñeiros de aldeas da ría con «moitas mulleres»; o mesmo día en Vigo xúntanse 10.000 persoas que viñeran de portos da ría nos seus barcos; e o 13 de xullo en Vilagarcía da Arousa ten lugar a maior manifestación contra o cerco de xareta, con 25.000 persoas chegadas en 3.000 barcos.

¹⁴ A *raba* eran ovas de bacallau picadas, ás que se lles podía engadir farelo, para atraer o peixe despois de detectárenos os golfinhos ou ben os mascatos e as gaivotas.

¹⁵ Os xeiteiros de Fisterra denominan *augatinta* e *razor* o *axexo* e *lusada* dos mariñeiros aousáns.

Días despois desta manifestación o Ministerio de Mariña publica a Real Orde de 20 de xullo pola «que queda suspendida la matrícula de traíñas o cercos de jareta en las puertas del litoral comprendido entre el Cabo Finisterre y el río Miño y en el distrito de Sada, y prohibida la pesca con dichos artes en las zonas marineras, mares territoriales o aguas jurisdiccionales del litoral mencionado». Con todo, a burguesía conserveira viguesa non quedou parada. A iniciativa de Urzaiz, deputado a Cortes por Vigo, creouse unha comisión para tratar de derrogar en Madrid a devandita Real Orde, con representantes da Cámara de Comercio, Xunta de Fomento, Asociación de Mariñeiros de Bouzas, dos fabricantes de conservas e de salga e con presenza de varios concelleiros de Vigo (Fernández Casanova 1988: 200-201). O conservador Silvela, presidente do Consello de Ministros, cede ás presións dos conserveiros e promételles ós traíñeiros vigueses a derogación da lei do 20 de xullo; porén, no consello de ministros do 14 de novembro do 1900 non cumpriu esas expectativas.

O conflito explotou de novo no 1901. Segundo Giráldez (1996: 233-234), na ría da Arousa producíronse os incidentes máis graves ó opoñérense violentamente os xeiteiros ó desembarco de peixe nas fábricas de salga da ría. A finais de agosto do 1902, dada a escaseza de sardiña, os fabricantes de salga mandaron botes á Coruña e a Vigo para mercárena máis barata de como a vendían os xeiteiros arousáns; estes intentaron atacar os botes, polo que interveu a Garda Civil. Semanas despois, o 24 de setembro, os xeiteiros abordaron nas proximidades de Ons galeóns con sardiña, bouraron nas tripulacións e tiraron co peixe ó mar¹⁶.

Así e todo, como sinala Fernández Casanova (1988: 205), os traíñeiros seguiron pelexando para traballar dentro dos límites das rías. No 1902 a Xunta Local de Pesca da provincia da Coruña permitiu a pesca co cerco de xareta sen limitación; e a Xunta de Vigo fixo súa esta resolución no 1906.

No 1904 a traíñeira e o cerco de xareta implantáranse totalmente na ría de Vigo, tanto no porto desta cidade como na zona de Baiona e de Cangas; este porto encabezara na xeira de entre séculos a loita contra os traíñeiros, o que proba que era imparabile a derrota do xeito e o triunfo do cerco de xareta. Nas outras Rías Baixas foi máis lenta a chegada das traíñeiras ata o 1908. No caso da ría da Arousa, tan importante na pesca da sardiña, explícase a demora pola existencia de moitos mariñeiros independentes que cos xeitos ían fornecendo sardiña para a conserva e a salga (Giráldez 1996: 237).

Nas augas da Arousa a tensión entre xeiteiros e traíñeiros diminuíu despois do 1903 por mor da entrada da sardiña na ría e a suba do prezo coa extensión da industria conserveira, o que permitiu subsistir a un bo quión de xeiteiros. Como sinala Pereira (2010: 82), «no ano 1907 aínda faenaban na ría de Arousa máis de

¹⁶ Nos anos seguintes continuou a violencia, tamén por parte dos traíñeiros. Así, no 1904 máis de 700 xeiteiros protestaron porque traíñeiros «armados con escopetas, revólveres, palos, garrotes, etc.» dispararon contra eles (Giráldez 1996: 234, nota 314).

6.000 xeitos, o 80% de toda Galicia; e o emprego dos cercos de xareta, aínda que importante, era de menor entidade que nas rías do Sur».

4.2. *A loita dos xeiteiros en Antón e os inocentes*

Méndez Ferrín recrea ese conflito de entre séculos ó contarlle Berto a Narda a historia da súa familia, con raíces nas ribeiras da ría da Arousa («lago acedo, nos plans días acalmados, coroados de velas»), no costado de noroeste da ría, pois de Santa Uxía de Ribeira eran os avós paternos. As súas son «estirpes requemadas do norte, encalecidas da liña» que se comprometeron na Guerra da Traíña.

Os seus devanceiros, con «enormes chapeus, botos de zamanca, severos no seu mahón, camisa de liño» andaban ó xeito, «nobre» arte de deriva que largaban desde dornas ou desde as «podentes lanchas xeiteiras, a vela ou a remo, con vinte homes a bordo»:

Entendes: o *xeito* era unha rede do paradiso perdido. De cando eramos ceibes e fartucos –éche un xeito de falar– e desciamos a recoller, nó-los probes, do seo da Arousa o peixe necesario. Amabamos o peixe. Cada malla distinguía a súa especie. Coma tal, a sardiña, a xarda, a dema. Endexamais a eito, entendido. Vixiabamos, atención, ollo. Vixiabamos, coma sobre unha facenda, ou arrebaño, a vida e fartura das bandadas submariñas. Atenta, Narda. Ves, o xeito é unha rede nobre. Téndese longa, cos seus chumbos batendo luz e cristalería sobor do mar. E os peixes, coma loucos, enmallan nela pola cacholiña. Arte, Narda, de deriva. (Méndez Ferrín 2019: 23)

Os xeiteiros enfrontáronse «a xente de botíns, chaleque, amadores de diñeiros, de terra. E de fóra. Fríos, disque, coma o ollo do gato. Usureiros, nena, coma as pegas ladras». Viñan de Blanes ou doutras vilas da costa catalá, cos seus nomes ó vento (Gasset, Martí, Romaní, Roura) a xeito de divisas de conquista, «xuramentados a non seren galegos en mil anos, dispostos a rozar, queimar, esgotar os froitos sen conto do noso paradiso». Canda eles viñeron unha boa tropa de criados e xente fiel, «da súa fala, axiña trocada polo castelán do cacicato indíxena» (Méndez Ferrín 2019: 24).

E comezou o roubo da riqueza sardiñeira das rías galegas, valéndose os cataláns da «traíña, a grande arma»¹⁷, coa que proletarizaron (e explotaron) moitos mariñeiros que andaran ó xeito:

O industrial precisou grandes capturas. Quíxoas, sen ter en conta danos, e proporcionoullas a traíña. Era unha embarcación, Narda, depredadora e sinistra, de oito ou nove metros, coido eu, estreita, cuns vinte remos e o aparello gardado a popa. Fletáronse e armáronse unha nube delas e creouse un proletariado adicto, a base de manteren aos homes todo o ano con catro codias de pan e un mísero quiñón. Déronse cretos aos pequenos patróns pra adequiriren traíñas e aparello, con

¹⁷ Nesta novela de Méndez Ferrín, *traíña* designa sempre a embarcación traída polos conserveiros cataláns, e nunca o aparello de cerco co que traballan os traíñeiros.

contrato en termos leoninos de venda do peixe en exclusiva. (Méndez Ferrín 2019: 24-25)

Berto explícalle a Narda as manobras da traíñeira para pescar co cerco, unha vez que arroaces e toniñas deron co cardume da sardiña:

Ti dis que cómo pescaba a traíña. Coma o arroaz, cercando ao bando de peixes. Os arroaces, e mailas toniñas, en manadas lúdicas, rapidísimas, cortantes, fechan á sardiña nun círculo de lombos lisos, fusos vibrantes. Compoñen un cono. Un por un, os animais vanse turnando pra deixaren o cerco, pasaren ao interior do cono e paparen ata fartarse na masa das sardiñas. Da mesma maneira, localizada a manada, no tempo en que a Arousa era millonaria, a traíña largaba de popa o aparello, do que unha gamela auxiliar mantiña un calón. De meo e mais de couso os remos entraban no mar, propulsaban o esguío e estreito navío, que ía, coma as toniñas, tracexando un circo en torno ao peixe, cunha velocidade incríbel, ata chegar de novo á gamela, unir os calóns e fechar a rede por baixo mediante as chaves, rematando así a captura. (Méndez Ferrín 2019: 24)

A rapina dos cataláns e a destrución da riqueza sardiñeira das rías galegas incrementouse co uso da dinamita, tan perseguida e á vez tan empregada na pesca do cerco do s. XX:

Quixo máis o capitalista, pediu máis. E apareceu a dinamita, non se sabe como, abordo. Ceibaban os cartuchos ao trazar o cerco, e a onda expansiva detiña a fuxida da sardiña espaventada polos remos, sacrificando a mor parte da manada que afondaba desfeita e morría inutilmente, ao tempo que as superviventes, apampadas, deixábanse rodear e pescar sen intentar a fuxida. Entendido, acabaron coa pesca. Aquela xente, entendido, Narda. Foi o principio de todo. Da Guerra da Traíña e mais de todo. Entendes, Narda. (Méndez Ferrín 2019: 24)

Mentres o burgués forasteiro en *-et*, desde o seu corredor de ferro forxado de Palmeira ou de Vilanova da Arousa espreitaba satisfeito a roza e destrución da ría, un fogo xordo quecía, un urro erguíase, coma o trebón, no corazón do mariñeiro, ata que a xente explotou. Con Concha de Souto, «avoa xeneral» á fronte, os xeiteiros manifestáronse no costado de noroeste da Arousa, amotináronse, desfizeron traíñeiras a machadazos, queimaron cercos de xareta e correron a pedradas os traíñeiros:

E vouche ao conto, Narda: os meus avós paternos, arraigados dende sempre en Santa Uxía de Ribeira, participaron entregues na Guerra da Traíña: manifestacións, protestas, que tiveron ramo de remate na Pobra do Caramiñal. Seica Concha de Souto estivo sublime, Narda. Soña, lembra o que non viches, vimos, separados que estamos daquelo por barreiras de morte, reixas de tempo. Concha, adocida, pano caído e ao ar os brincos de ouro e a trenza rubia de lume; lume desprendendo os seus ollos azuis, minúsculos. A sombra da miseria cruzou sobor das masas, como un grande morcego. Como transparente, a verdade do roubo á natal agra aberta do mar, revelouuse a todos, nidia. Mallas fecheiras, tiros de dinamita, ambición, a ardora que se desvíaa máis e máis da Costa. Mesmo os paxaros do mar e mais os golfinhos emigraban da grande poza de vida mesta, ollo que fora turbo de plancton, pasto, fartos ciclos orgánicos, estábel. Como poutadas,

pedras, alavancas, Concha de Souto alzaba os puños, afeitos á patela, ao formento, ao sacho, de grande nai, diadema dos clans marítimos, avoa xeneral, mandaba. As machadas relumbraron no mediodía, caíron, coma centellas vivas que non fosen, sobor de tres traíñas varadas no areal. Desfixéronas, escacháronas. Queimáronse as redes de cerco e un cheiro agre cobriu a Pobra, coma unha cúpula, mentres os traíñeiros fuxían, corridos a risadas e cantazos. (Méndez Ferrín 2019: 44-45)

Os xeiteiros perderon a guerra contra a burguesía conserveira chegada de Cataluña, porque os de abaixo, adoito, perden. O peixe, dinamitado, «costeou a Lanzada –alamparía a lúa, ao mellor, sobor das dunas», para se perder nas estradas secretas dos océanos. «A fame, a fame negra, como un vento podre, proba que nos manda El Señor, paralizou o mundo»; e despois da fuxida do peixe, «a Arousa levou áncoras, veu a diáspora dos homes. Dos meus, Narda» (Méndez Ferrín 2019: 45).

Entre o 8 de xullo do 1900 e o 27 de outubro do 1901, o escritor e xornalista Javier Valcarce Ocampo publicou no semanario *Eco Marinense* 28 parrafeos en defensa dos xeiteiros («a nobre clás mariñeira d'as Rías Baixas de Galicia») e en contra dos *traíñeiros* e das *traíñas*. No palique IV «¡Moito ollo!» intúe que o triunfo dos xeiteiros pode ser efémero, polo que lles fai unha chamada a estaren cos ollos ben abertos, pois «malo raxo me coma, | si algo podre non me cheira»¹⁸:

Bueno, ¿é qué, meus compañeiros?

¿pensades, seique, abofellas,

qu'ó suprimirse as *traíñas*

sodes os reises d'a terra?

Vallo'o deño, si así fora

teredes chea a cabeza

de farangullas de broa

ou de cañotos de berzas.

Hai que traballar, amigos,

hai qu'aguzar mais a testa,

y hai que sudar aínda moito

pra lograr outras empresas,

e non tumbarse á bartola,

coidando que, sin *xaretas*

vades votar mais bandullo

qu'un canónego n'a eirexa [...]

¡Arriba, pois, compañeiros!

non durmirse n'as *panetas*,

nin ir a pasar o tempo

co-a *birisca* n'a taberna,

mentras piden pan os fillos [...]

¹⁸ Este texto non ten data. Debeu publicarse a finais de xullo ou comezos de agosto do 1900, pois o parrafeo III apareceu o 22 de xullo e o V o 19 de agosto.

Hai que pidirll'o Menistro
un Reglamenteo d'a pesca,
a rebaixa par'o sal [...]

Hai que'andar tamen con ollo
con ises d'as *traiñeiras*,
qu'aínda patexando bulen
e rexordindo a cabeza,
e xa me dá n'os narices
qu'algo malo escarabellan. [...]

Andade, compañeiríños,
con ollo de cuarta e media,
que malo raxo me coma,
si algo podre non me cheira.

¡Rayo de Cristo si m'andan
revolvéndome n'a xebra!

(Valcarce Ocampo 1901: 16-18)

5. A comunidade galega de Trintxerpe e a pesca no Gran Sol

Despois da I Guerra Mundial houbo un forte desenvolvemento da pesca industrial no Cantábrico e no litoral sur Atlántico polo acceso a novos caladoiros e a farturentos mercados, o que levou a moitos mariñeiros galegos a emigraren a portos do norte (Xixón, Santander, Erandio e, sobre todo, Pasaia) e do sur (Aiamonte, Huelva, Alxeciras, Málaga, Sevilla e, sobre todo, Cádiz).

5.1. *Trintxerpe, «meca do soviets roxo» en Euskadi*¹⁹

En vinte anos, Pasaia competía con Vigo como primeiro porto pesqueiro de España e un dos primeiros de Europa; a frota de arrastre de altura de maior tonelaxe recalaba nos peiraos de Pasai San Pedro, e non no Berbés vigués. Entre 1916 e 1936 era continua a demanda de tripulantes, e os armadores vascos preferían contratar nas rías galegas «a nutrida man de obra barata, afeita ao mar dende idade temperá e ben disciplinada» antes que contratar mariñeiros de baixura vascos porque «os *arrantzales* e as súas persistentes *confrarías* acotío foron refractarios aos novos e destrutivos sistemas de pesca», como explica Pereira (2010: 217), que achega este

¹⁹ Neste apartado sigo o capítulo IV «O Trintxerpe republicano: mariñeiros galegos na “meca do soviets roxo” en Euskadi», de Pereira (2010: 213-235).

documento sobre os primeiros mariñeiros galegos (do costado de noroeste da ría da Arousa e de Corme) instalados en Trintxerpe²⁰:

Uno de los principales promotores de aquella decisión fue, precisamente, el armador y empresario Francisco Andonaegui, quien, personalmente, se trasladó hasta tierras gallegas, y más concretamente hacia los municipios de Santa Uxía de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Corrubedo y Corme, con el fin de contratar un numeroso grupo de jóvenes pescadores gallegos, que llegaron a ser la base de aquella nueva comunidad, que comenzaría a instalarse en las viviendas que se fueron edificando en los alrededores del caserío Trintxer. (Pereira 2010: 217)

O devandito armador tiña bos contactos na ría de Muros e Noia, de aí tamén a presenza de mariñeiros de Porto do Son en Trintxerpe. Agás algúns guipuzcoanos do interior e pequenos grupos de mariñeiros doutros portos do Cantábrico, a gran maioría dos tripulantes dos bous e parellas de arrastreiros formábana mariñeiros galegos, sobre todo das Rías Baixas e de Corme. Neste texto da *Revista Popular Ilustrada Nuevo Mundo* (Madrid, 19/06/1931) pode apreciarse a dureza da vida de moitas familias de Trintxerpe con náufragos, e tamén a solidariedade dos galegos dese barrio de Pasaia:

Pero en Pasajes se da un caso curioso: la flota pesquera, creadora de una de las mayores riquezas guipuzcoanas, está servida por gallegos. En Pasajes hay una colonia de dos mil pescadores gallegos de los 3.000 que sirven las 150 embarcaciones de la flota. En esta colonia hay infinidad de viúdas y huérfanas que perdieron a sus maridos o hijos, y no volvieron a su tierra. Eran socorridas por los paisanos que las dan a lavar la ropa, se alojan de huéspedes en sus casas, etcétera. Y en esta colonia abundan los pescadores de Corme, ese pueblecito gallego que al cabo del año da un contingente tan crecido entre las víctimas del mar. Es raro que haya un accidente en el que no figure el nombre de pescadores de Corme. (Pereira 2010: 218)

Os mariñeiros galegos traballaban de fogueiros, paleiros, redeiros, tronchadores ou salgadores, mentres que os vascos ocupaban os postos de mando (capitán, piloto, contramestre etc.). Na altura da guerra civil do 1936 Trintxerpe tiña cerca de 5.000 habitantes, amoreados nun semi-caos urbanístico, inzado de bares con resonancias galegas, sen vivendas dignas e con problemas de salubridade. Para a prensa confesional donostiarra, Trintxerpe era «tierra pagana» sen evanxelizar, sen igrexa parroquial propiamente dita e cunha ínfima taxa de asistencia á misa dominical. Ademais do sambenito de ateos, os galegos dese «gueto» de Pasaia foron tachados de *rojos, bolcheviques, anarquistas e comunistoides*, logo de se sindicaren e loitaren polas melloras de salario e das condicións de traballo nas faenas do Gran Sol (Pereira 2010: 219-220).

²⁰ «Até arredor do ano 1910, o Concello de Pasaia estaba composto por tres distritos ben diferenciados, situados en diferentes lugares da súa enguedellada ría: Pasai San Pedro, Pasai Antxo e Pasai Donibane (San Xoán). A partir de entón, o poboado de Trintxerpe comezou a se edificar nun territorio de marismas e monte baixo, colindante con Pasai San Pedro» (Pereira 2010: 216, nota 2).

O 1 de maio do 1931 toda a frota dos arrastreiros de Pasaia púxose en folga ó rexeitar a patronal, entre outras demandas, o incremento do xornal para os mariñeiros do Gran Sol, descanso equivalente ós domingos que se traballaban no mar e unha xornada non superior a quince horas de traballo. No serán do 26 de maio, despois dunha marcha en camións a Donostia para incautar aparellos dos barcos tripulados por crebafolgas, son detidos varios directivos sindicais, acusados de queimaren no monte eses aparellos que se ían levar a Ondárroa.

Tal como conta Pereira (2010: 223-224), na luzada do 27 de maio, 1.500 persoas (homes, mulleres e nenos) agardaban en Pasai San Pedro que o gobernador militar se entrevistase con algunhas das persoas concentradas. O gobernador retírase, despois de chamarlles *tozudos* ós galegos, que eran maioría. Os manifestantes dirixense ó barrio de Pasai Antxo e xúntanse con outros veciños, para encabezaren unha marcha con dúas pancartas, *Libertad para nuestros compañeros* e *Queremos pan para nuestros hijos*, coas mulleres e os nenos á fronte da manifestación. Este acto pacífico rematou con persoas mortas e feridas, a maioría galegas, por disparos da Garda Civil:

[...] entre Herrera [Pasai San Pedro] e as cocheiras dos tranvías de Donostia, sucesivos reténs de tropas cortan o trafego de automóbiles e de transeúntes. No primeiro, o oficial ao mando da tropa (que xa leva a baioneta calada) non é quen de dar a orde de cargar contra as mulleres e os nenos que van diante e se infiltran entre os soldados por todos os currunchos, mentres o resto dos manifestantes vitorea os militares. No Alto de Vinagres, onde hai un novo piquete, acontece outro tanto. Mais nas Cocheiras, diante do reloxo de Ategorrieta, está a Garda Civil; confiadas pola actitude dos soldados, as mulleres continúan avanzando, seguidas dos homes que levan as mans alzadas en sinal de actitude pacífica. De súpeto, unha corneta dá a primeira chamada de atención e, deseguido, resoa unha descarga pechada: sete mortos e máis de trinta feridos fican no medio da estrada e o resto do xentío escorrenta presa do pánico. Dos damnificados, a metade dos mortos eran galegos e numerosos feridos levaban apelidos común nas nosas rías: Centeno, Suárez, Saleta, Ageitos... (Pereira 2010: 224)

No 1934 os partidos PSOE e PCE e os sindicatos UGT, CGTU e CNT conforman en Guipúscoa a Alianza Obreira. A presenza do movemento libertario nesa provincia veu da man da comunidade de mariñeiros galegos de Trintxerpe. A Alianza convocou folga xeral en Pasaia, con abundantes incidentes nos barrios de Antxo, Trintxerpe e San Pedro, cun resultado de varios mortos e un cento de detidos, entre eles galegos de Trintxerpe e destacados militantes do cenetista El Avance Marino, que no seu voceiro contou con moitos colaboradores de estirpe galega e que publicou artigos en galego (Pereira 2010: 230-231).

Nos derradeiros meses da República volveu a conflitividade laboral a Donostia e a Pasaia; agora á Alianza UGT-CNT sumouse o sindicato nacionalista SOV. En maio do 1936 paralizáronse as obras do porto de Pasaia, parou a xente das peixarías de Donostia e Pasaia e os redeiros deste concello, á vez que se iniciaron folgas na construción e na madeira. Asemade, os mariñeiros de Pasaia «pretendían axustar as contas a un pasado de grandes fortunas, amasadas co traballo inhumano e mal

pagado de milleiros de homes». Iniciaron unha folga o 5 de maio, ó non aceptaren os armadores as reivindicacións; a finais de xuño a fame asolaba as casas de Trintxerpe, polo que mariñeiros galegos sen obrigas familiares volveron a Galicia. En concorrida asemblea convocada polos tres sindicatos (uxetistas, cenetistas e nacionalistas vascos) acordouse que dúas ou tres parellas fosen pescar para repartir o peixe entre folguistas e familiares; e se a patronal seguía sen aceptar as reivindicacións, os mariñeiros, que en quendas de noite e día estaban a coidar dos barcos (reforzar amarras, engraxar máquinas e achicar auga das sentinas), moverían a frota sen permiso dos armadores para saír a pescar. Esa breve experiencia autoxestionaria, impulsada, sobre todo, por persoas afiliadas ó cenetista El Avance Marino, rematou no verán do 1936 crebada pola barbarie da reacción (Pereira 2010: 233-235).

5.2. *Trintxerpe e o Gran Sol en Antón e os inocentes*

Como moitas familias galegas derrotadas na Guerra da Traíña, a familia de Berto estableceuse en Trintxerpe, onde os mariñeiros galegos, proletarizados, traballarán na pesca da altura no Gran Sol, mentres que os vascos continuarán como mariñeiros de baixura, agás na costeira do bonito:

A miña familia, sabes, Narda, como outras moitas, vista a situación, abandonou a ría de Arousa e estableceuse na parte de Trintxerpe, en Pasajes de San Pedro, zona que axiña dominaron e galeguizaron. Un curioso proceso de colonización tivo lugar cando as xentes de nós se constituíron en rúas e prazas, sen se asimilar endexamais a Euskadi, pero mantendo unhas curiosísimas relacións recíprocas de simpatía co pobo vasco circundante. Cecaís foi debido a que non se pisaron os intereses repartíndose máis ben o traballo. Unha alianza, pacto máis ben, sen palabras contratouse antre os pescos nativos e os chegados de fóra. Os nosos, mantendo a nosa peculiaridade, conservada a través dunha rixida endogamia; eles, facendo o propio, anque coa inevitábel consciencia de seren os galegos forasteiros. Os nosos, orientándose á pesca de altura, explorando as praias célticas de Grand Sole²¹; eles, non rebasando a de baixura, senón na campaña cantábrica do bonito. A «chapela» de grande roda nos mariñeiros vascos, a pucha pequeneira nos galegos, eran o signo diferenciador das dúas poboacións, unanimemente vestidas de mahón, mentres

²¹ Méndez Ferrín emprega sempre na novela o sintagma *Grand Sole*, igual que o fan poetas e narradores despois del, e tamén o historiador Dionísio Pereira no capítulo citado; pero o sintagma vén do francés *Grande Sole* «gran linguado», co adxectivo feminino porque *sole* ten este xénero. Ademais de *Grand Sole*, en *Antón e os inocentes* hai dous rexistros de «mar céltico» para se referir a ese caladoiro: «Naquelas noites, Narda, amaba o mar céltico, a lonxana terra irmán, intuindo, atoutiñando polo que agora sei que son lugares común do galeguismo cultural» (Méndez Ferrín 2019: 108); «Naquela mañán Perfecto Estévez, patrón de pesca, enfréntase con meu pai, patrón de costa, perdidos nun punto sen nome do Atlántico, rumo ao mar céltico» (Méndez Ferrín 2019: 127).

a non formulada simpatía tracexaba unha rede invisíbel entre uns e mái-los outros. (Méndez Ferrín 2019: 60-61)

Na novela faise referencia ó medre da comunidade galega e ó papel das mulleres, así coma á intensa actividade sindical duns mariñeiros maioritariamente entusiastas da utopía cenetista que, como xa se dixo, na II República converteron o «gueto» de Trintxerpe na «meca do *soviet rojo*» en Euskadi:

Choveu, naceron días novos, nenos galegos baixo o ceo vascón de chumbo, azoutaron cen galernas os atribulados cons viscaínos. E un día calquera, cómo foi non me digas, o sindicalismo rebordou talleres, minas, fábricas, pra se asentaren nos vapores de Grand Sole e unha nova solidariedade, a proletaria, foi coñecida polas mulleres galegas que abrían tendas, casas de comidas, pra axudaren ao xornal do home, polos homes e mulleres que comenzaban a rebasar o ghetto de Trintxerpe e a camiñar sen medo polo medio e medio de San Sebastián, contemplando xa con desafío as grandes casas dos burgueses e dos príncipes.

Unha raiba Vella, resesa, de atrás. E ao tempo un anxeio de liberdade, concordia e reparto. Unha raiba vella e reseca, procedente, sen se saber, dos antergos tempos da Guerra da Traña, concéntrase no mariñeiro galego facéndoo entusiasta adherente, fundamentalmente, do anarcosindicalismo utópico da CNT. (Méndez Ferrín 2019: 61)

Literaturiza Méndez Ferrín unha manifestación da comunidade de Trintxerpe ata Donostia, en que participa o pai de Berto, con dezasete anos daquela. En certo modo recrease a que tivo lugar o 27 de maio do 1931 a que me referín máis arriba, pois as mulleres e os nenos van diante, encóntranse co exército e despois coa Garda Civil, que é quen dispara contra as persoas que se manifestan, causando varias mortes:

Todos xuntos. Mulleres e nenos tamén. Toda a Altura, toda a poboación galega, fóra aqueles naturalmente catro armadores de Bouzas. Verás, Narda. Outono. Alerta xeneral, a revolución deixa ver moi en serio os seus dentes. Arriba os probes do mundo! Ao mesmo tempo en que a patronal de Vigo declara o lock out mariñeiro e os tiros atravesan a rúa de Príncipe –xa sabes, o atentado a Paz Andrade–, partía a manifestación cara a San Sebastián. Ao fronte, as mulleres (trenzas, mandís, saias negras, panos á cabeza, pés áxiles, co andar incomparábel de quen carregou peixe na cabeza) e os cativos con medias e ligas por riba do xoenllo, pantalón curto e un tirante de xénero cruzándolles o peito en bandoleira. Atrás, os homes, unha masa de gorras e un arrastrar picado de pés afeitos a se manter sobre a cuberta, arrandados e vivaces.

O capitán de Infantería, con leguis, correaxe marrón, baixote e bandullento, os ollos arrodeados de bolas moles e rosáceas, ten formada a tropa en prevengan, no alto de Miracruz. [...]

-Llevan armas? Cuáles son las intenciones de esta manifestación? La legalidad republicana ha sido amenazada por elementos inciviles: el ejército garantiza el orden y responde de la Constitución. Pasen.

Dálle co cóbado nas costelas a Aloí de Cangas, responsable do Sindicato.

-Tienen a la Guardia Civil en Cocheras, oído al parche. Me consta tienen rigurosas instrucciones. [...]

Os primeiros disparos, procedentes de Cocheras, sonan coma toses secas e lonxanas, precedidas dun toque de corneta que ninguén sabe interpretar e que non altera a masa compacta, negra e azul, dos manifestantes. [...] Ao seu carón un mozo loiro corta o vento, deixando atrás a cabeleira longa, coida que se desenfila co tronco dunha albre. Unha bala chócalle contra o pómulo, zoando, desvíase, érguese coma un foguete contra o cerebro, pásao destrozando a masa mol dos sesos; cai cos ollos desorbitados, supetamente desarticulado, o mozo. Outras balas atopan corpos sorprendidos, tecidos que as acollen mainamente. (Méndez Ferrín 2019: 76-77)

Os galegos vínganse matando un cabo da Garda Civil, polo que o exército ocupa durante días Trintxerpe e arresta medio cento de galegos, mentres a xente se fecha nas casas para defenderse:

Un cabo da Guardia Civil revólvese en torno seu, coma unha pioneta; morre a rolos pola calzada. O difunto de Miraflores queda vingado. Pero o exército ocupa os bairros obreiros, ocupa Trintxerpe. Plántanse os soldados fronte a cada casa, co fusil montado. Ao despertaren os meus do sono, había cincuenta homes galegos, ou máis, arrestados e a xente botara oito días sen saír da casa, sen viño, cos colchóns tupindo as fiestras e durmindo nos rochos interiores. E isto éche a raza da que veño, Narda. Xa te vas depercatando: lume e corazón sen tacha. (Méndez Ferrín 2019: 78)

Na guerra civil do 1936, os mozos van ás fronteiras de batalla e as familias desbándanse de Trintxerpe cara ás zonas republicanas, cara ós campos de concentración, á morte, e algúns van a Francia. Mortos os avós de Berto, seu pai, Xosé Fernández Pampín «Pepe», que estaba a piques de non ser home, encamado a maior parte do ano, co anarcocomunista Koprotkine e co republicano Blasco Ibáñez debaixo da almofada, renaceu cando volveu a Galicia, a Bouzas, e coñeceu a Rosa Comesaña Freiría, de Coia, familia de ex-labregos e tendeiros, que sería a nai de Berto. Fíxose patrón de costa, como fora seu pai, o que lle permitiu coñecer os entrantes e saíntes, as reviravoltas e fondóns da plataforma continental, dende as costas de Portugal ata as de Irlanda (Méndez Ferrín 2019: 106).

Berto fállalle a Narda das «praias» do Gran Sol en que traballaba seu pai, lugares do mar algúns con nomes ben galegos como *Mar das Galiñas* ou *Cona da Vella*, pois mariñeiros galegos foron os que deron con esas «praias» e as bautizaron:

Imaxinábao navegando encol dos fondos que el me tiña dibuxado nun mapiña, «praia» por «praia», que é como os mariñeiros chaman aos bancos areosos, coa nomenclatura popular dos pescos de Galicia (o Rabo de Raia, o Grand e o Petit Sole, o Sapato, o Mar das Galiñas, o mar do Sindicato: o máis suxo, pedregullento e traidor pró aparello), alledado o grande silencio de chumbo pola danza das toniñas e o arreo de gavotas, gavotiñas novas, marotos e carráns. Case ouvia no meu cuarto as voces, o tráfego de abordo, pantaseando que eu estaba alí con el, que me explicaba todo, el seguindo moi atento os sinais da sonda e o rumbo. Estamos no corenta e nove vinte, Grand Sole, mira ao lonxe Faro de Coz –cecais Breteña, largaba encol de nós unha ollada ancestral–, chama ao pesca, rapaz, que suba se quer ese lambecús do armador, estamos no cincuenta, rapaz, fíxate que a estribor está

o fondón, duascenas brazas, viro a babor, endereito a Cona da Vella, temos xa en proa o faro das Arráns, con Galvai ao fondo. Ou, ás veces, voltabamos ao sur, pra costear o con de Farne, semellante ao Monteagudo das Cies. (Méndez Ferrín 2019: 107)

Berto arela que Narda se mergulle no traballo dos galegos nese caladoiro, que entenda a súa xente:

Ven a Grand Sole canda min, Nardiña. Entra, toma alento. Entra a xurdir ata o fondo do banco, coma o arroás. Contempla as portas do aparello arrastrando arreo lama, vida, marisco, larvas, destroíndo o equilibrio natural coma un arado de morte e de loucura. Ergue o voo coma o mascato, olla os barquiños galegos, a figura do meu pai na roda do timón, día e noite, na soedade, na reflexión, duramente prendido no traballo pra outros. Enténdenos, entende a miña xente, aos meus. (Méndez Ferrín 2019: 126)

O pai de Berto era un sindicalista respectado que, entre outras cousas, «loitaba pola creación de cooperativas de traballadores que competisen cos armadores e, ao tempo, comercializasen o peixe, afundindo aos esportadores e demais parásitos», á vez que reivindicaba a reinstauración do descanso mensual (Méndez Ferrín 2019: 128).

El, que era patrón de costa, pedía a abolición do patrón de pesca para que no barco houbese unha única autoridade²². Era persoa incómoda, polo que «había que o eliminar da Casa». Os da Sección Económica do Grupo de Altura, que levaba o control absoluto, sabían que de o deixaren en terra, «a masa mariñeira, homildada no atraso e no conformismo, desprovista da precisa ollada de mascato que el tiña e furaba o futuro, non se mobilizaría a seu lado» (Méndez Ferrín 2019: 128).

Nun enfrontamento no Gran Sol co patrón de pesca do barco por non obedecer as ordes deste, que o ameazou con deixalo en terra ó chegaren a Bouzas, matou o pesca e foise entregar á policía de Irlanda:

Estamos no paralelo corenta e nove. Unha forza inmensa fai presa no meu pai polo pescozo e doméniao, asoballa nel. A pistola nace na súa man, natural. Os presentes, comedidos e solemnes, saben que vai haber alí unha morte, len na ollada de Xosé Fernández Pampín que vai disparar, dispara. Todo o cargador. [...] Bruídos parten, bruídos de arroás parten do ventre do caído, antes de se quedar de estopa, esfiañado contra as táboas. Feito. E pouquiño e pouco, Narda, todo se foi reconstruíndo. Volven, volveron as formas. Recupérase sitio e hora. Alguén solta o timón e un bandazo trastea o barco. E meu pai, meu pai lourido, dous borranchos escuros por ollada, nota de lona as gorraxas. Colle a roda, toma rumbo. Picar o aparello, veña. Obedece a tripulación nunha prontitude arrepiciada. Cen mil pesetas do amo pérdense no reborde da meseta continental, alixeiran o navío que cabecea directo

²² Nos barcos pesqueiros, o patrón de pesca decide o destino, mentres que o patrón de costa marca o rumbo e se responsabiliza do barco ata chegar ó caladoiro, onde o patrón de pesca colle o mando do pesqueiro, escolle onde largar o aparello e ordena as manobras. Cando se volve a terra, o patrón de costa de novo vai na ponte, ó mando do barco (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 30).

contra Bantry. Entregarase en Irlanda á Policía. Narda, será repatriado, con grillos de ferro nos seus pulsos. Narda, estou con el. Tes que entender a historia en redondo, dende o celme da espiral. (Méndez Ferrín 2019: 128-129)

A obsesión de seu pai, de cando asistía ás ardentes cerimonias culturais do Ateneo Libertario, era darlle unha carreira, Dereito, porque o quere «sabedor das leis inxustas, preparado prá alborada, crítico con fundamento, sabio popular». Cando Berto marcha estudar á universidade compostelá para cumprir a arela do pai, vai contar coa axuda económica dos parentes que andan á pesca ou a navegar por diversos mares: xente da Arousa, de Bouzas, de Pasaia, de Cádiz... da grande tribo á que pertence Berto e que está espallada polo mundo.

6. A dureza do Gran Sol contada por «homes de ferro» que a viviron

Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco (2004: 23-202) presentan doce historias de vida de xente do mar que saía do porto da Coruña para pescar no Gran Sol e noutros mares a miles de millas da costa galega²³. Todas son testemuños da dureza da pesca en mareas dunhas dúas semanas nese caladoiro a cargo de «homes de ferro en barcos de madeira», como lles chamaban os ingleses ós galegos cando ían pescar ó Gran Sol e a Terranova. Ás veces tiñan que estar varios días, capeando o temporal, sen poderen atracar nun porto. Antes da guerra civil do 1936 só se traballaba nesas augas na primavera e no verán, pois no inverno había moi mal tempo.

Un deses «homes de ferro» é Andrés Soto Moreira «Andrés o dos Tabeiróns» (Marín, 1917). Antes de ir para a Coruña para traballar en barcos de arrastre do litoral, desde Marín foi ó Gran Sol en barcos de madeira con caldeira de vapor:

Naqueles tempos, cando íamos ó Gran Sol con mal tempo, ó atravesar o Golfo de Biscaia o mar entraba no barco e daba contra o carbón, e non quedaba máis remedio que tapalo, o que dificultaba a saída da auga. Podía desequilibrarse o barco, que era pequeno, de pau, polo que, se viña un gholpe de mar, había que romper e soltar para que marchara parte do carbón e mais a auga.

A medida que ghashábamos o carbón, a cubierta quedaba libre, entón respirábamos porque, anque viñera o mar, xa non pasaba nada. Salía polos imbornales. E iso que antes da guerra civil só se iba ó Gran Sol desde o 21 de marzo hasta o 21 de setembro. Os sindicatos non deixaban ir no inverno, porque o tempo era moi

²³ No mesmo ano 2004 a antropóloga Rosa García-Orellán e Joseba Beobide, capelán da frota bacaloeira vasca nos portos canadenses de Saint Pierre e Saint John's, editaron *Hombres de Terranova. La pesca del bacalao 1926-2004* (Pasaiko Portua. Puerto de Pasajes / Pasaiko Portuko Agintaritza. Autoridad Portuaria de Pasajes), onde se ten moi en conta o testemuño de galegos embarcados en bous e en parellas con base en Pasaia, Vigo e A Coruña.

malo e con aqueles barcos había moito peligro. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 33)

Serafín Mourelle Mugallo (Corme, 1933) empezou a pescar sardiña á ardora en tarrafas da Coruña con 14 anos e logo foi de *cho* (axudante de cociñeiro) nun barco de arrastre a carbón. Andou embarcado nun patache de cabotaxe con caldeira de carbón a vapor polo litoral galego e asturiano. Despois de varias mareas no Gran Sol, embarcou nun patache con motor de gasóleo que levaba madeira a Barcelona e volvía con tella de Alacant. Con 17 anos fixo a primeira campaña no Gran Sol nun barco que, dous anos despois, embarrancou nuns cons debaixo de Santo André de Teixido:

Volvían do Gran Sol. Iban 14 tripulantes e morreron 11, moitos deles compañeiros meus de cando eu estaba nese barco: morreu o cociñeiro Andrés Recamán, tamén o fogonero, ó que chamamos Baroña, porque nos barcos chamamos polo sitio de onde é cada un. Despois dese accidente, preocupáronse por poñer a funcionar a luz do faro de Punta Candelaria. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 57)

Ricardo Dalmao Temprano «Tito» (Monelos-A Coruña, 1929) andou ó bacallau en Terranova e logo no Gran Sol, onde viviu un intenso temporal na década de 1960:

Morrera moita xentiña... Moita xente morrera. Nós botamos once días á capa. Non podíamos ir a terra ós portos escoceses, nin volver aquí. Capeamos o temporal pouco a pouco. Había algún que choraba, e eran vellos, homes de mar. Estábamos moitos barcos, uns ó lado, ó redor, outros máis alá. Cheghaban as noticias: morreron aí non sei cantos de Ondárroa, un bonitero foise ó fondo... E nós, aghuantando, hasta que pouco a pouco foi amainando. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 69-70).

Jesús Regueira Lamas (Boebre-Pontedeume, 1921). Con 12 anos empezou de chalaneiro, levando os tripulantes dos vapores que ían á castañeta, que quedaban fondeados no porto da Coruña. Despois de andar ó mar nun vapor de arrastre, ó día, pescou bacallau en Terranova e logo en caladoiros próximos a Mauritania; e a finais da década de 1970 fixo mareas de 15 días no Gran Sol:

Nunca pasei tantos gholpes de mar coma no Gran Sol. Cando había mal tempo, había que descantilar, que era como lle chamábamos a buscar altura da agua, escapar do cantil, porque con pouca profundidade, cerca do cantil, máis rompe o mar e máis se move o barco. Esperábamos coa máquina parada e atravesados, cando víamos que amainaba, volvíamos a pescar xunto ó cantil. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 100)

Amador Quintáns Reino (Noia, 1942). Con 15 anos embarcou nunha baca da Coruña para unha marea de 14 días no Gran Sol, e a seguir andou ó bacallau en Terranova tres meses e medio ou catro. Con 17 anos traballou nos mares de cabo Blanco, entre o Sáhara e Mauritania. Ó acabar o servizo militar, fixo varias mareas no Gran Sol para despois traballar en conxeladores no sur de África e en Sudamérica. Indo para Arxentina, á altura de Brasil, houbo unha tormenta: «Foron tres días enteiros aghuantando, andando sólo dúas millas, e o barco, que iba en

lastre, levantábase e, ó caer, parecía que se rompía» (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 184).

A pesar da dureza da vida no mar e dos perigos (unha porta de arrastre de 2.000 quilos fechouse nunha manobra e esmagoulle un brazo), como case todos os entrevistados, afirma con seguridade que a súa profesión non a cambiaría por ningunha, «e eso que é a máis dura que che hai. Así como non baixaría á mina, si volvera a nacer, volvería ir ó mar. Sei que é unha cárcel flotante, pero eu non a cambio» (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2004: 186).

Nunha monografía posterior, Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco (2008: 171-292) presentan outras doce historias de vida de mariñeiros que saían do porto de Vigo para pescar no Gran Sol e noutros afastados mares. Son novos testemuños doutros tantos «homes de ferro». Algúns traballaron nese caladoiro en barcos de madeira, con caldeira de carbón a vapor, como outros que saían do porto da Coruña para pescar aí.

Unha desas historias de vida é a de José Loira García (Cela-Bueu, 1926), que a finais da década de 1940 andou ó mar na baca *Mar Gran Sol* e na parella *Mar de Terranova* e *Mar de Groenlandia*, barcos que primeiro pescaban fresco no Gran Sol e despois ían a Terranova ó bacallau. Considera que a pesca sempre ten riscos, que poden xurdir cerca da costa; pero, especialmente, o perigo está no Gran Sol e en Terranova:

Aínda lembro cando era un rapaz, iamos á sardiña, un golpe de mar levoume e outro golpe de mar tróuxome de novo ao barco. Que susto! Ao decidir embarcar para Terranova, non ía con temor porque viña de faenar no Gran Sol e iso xa é moi duro, cun mar terrible e moi mal tempo. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2008: 202)

Enrique Fernández González «Chorito» (Coia-Vigo, 1921), sendo rapaz, foi ó Gran Sol nunha parella de madeira con caldeira de vapor da que seu pai era patrón. No barco tiñan unha cociña de carbón en que sempre se preparaba peixe con patacas:

O vapor da cociña ía para o teito e, cando se condensaba caían unhas pingas enormes.

Había que estar na cociña con roupas de auga. E con roupas de auga, ás veces tamén había que durmir, pois, deitados sobre colchóns de follaco (folla de millo) e tapados cunha manta, víamos o ceo entre as táboas de proa.

[...] Eu facía o que me mandaban. Abusaban de min: «Rapaz, afíame o coitelo; rapaz, ponme a caixa aí». Eu traballaba e sabía tanto coma eles e non cobraba nada. Cando lle dicían a meu pai que me dese un posto, el afirmaba: «Aínda non está preparado». (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2008: 231)

Despois continuou indo ó Gran Sol en barcos de Bouzas, onde non faltaron perigos, á parte dos que provoca o mal tempo no mar:

Unha vez sentíame mal na cama e subín á cuberta. Ao verme o patrón e saber que estaba mareado, baixou e encontrou a todos medio mortos a causa dun gas que viña

do carbón e avanzaba baixo a sobrequilla das bodegas. Dixo: «Saíde todos!». Así nos salvamos, por pouco. Tivemos que tirar todo o peixe que levabamos. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2008: 233)

Durante a II Guerra Mundial, no Gran Sol tiñan o perigo dos submarinos alemáns, que adoitaban meterse entre os pesqueiros para que non os localizasen os avións ingleses. Ademais, había o problema da néboa, polo que con retranca di: «Ao Gran Sol había que levar unha “escoba” para varrer a néboa».

Carlos Rodríguez Martínez (O Berbés-Vigo, 1935) comezou de rapaz no banco canario-sahariano; despois foi ó Gran Sol nun barco dun armador de Bouzas e logo en barcos doutros armadores:

Que tempos aqueles a bordo do Klis, un barco pequeniño, de madeira, de caldeira a vapor para ir ao Gran Sol! Eu a Terranova non fun pero, para min, o Gran Sol era o peor mar do mundo. O barquiño pegaba uns pantocazos enormes. Entraba tanta auga a bordo, que había que durmir nos catres coa roupa de auga posta. Era roupa de auga feita con tea empapada en aceite de liñaza e posta a secar ao sol. Cando non estaba ben curada, collía «molca», que era coma lle chamabamos cando se pegaba. Sempre andábamos mollados. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2008: 253)

Avelino Groba Costas (Canido-Vigo, 1945) empezou a pescar na costa de Portugal nun barco de Bouzas, logo traballou nun arrastreiro en Canarias e no 1961 comezou a ir á pescada ó Gran Sol:

Ao Gran Sol fun de mariñeiro, nun barco chamado *Mar del Norte*, de Enrique Lorenzo, de Bouzas, un barco que pertencía á Casa Mar. Eu botaba canastros de peixe na adega e axudaba en todo. O barco traballaba día e noite, virabamos as redes cada catro horas, e ademais había moitos embarres e moitas rupturas de aparello. A bordo ían dous ou tres mariñeiros que eran redeiros, e sempre agulla, agulla, a coser as redes. Por ese traballo o armador e o pesca dábanlles algo máis de soldo. Pero nós pasábamos máis frío que os que cosían. (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2008: 289)

E despois andou ó bacallau en Terranova, onde «non levaban rapaces de 14 anos porque era moi duro e non aguantaban». Considera que hoxe, «os barcos de madeira que van á ardora, á sardiña, son mellores que os que outrora ían ao Gran Sol ou ó bacallau» (Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco 2008: 290-291).

7. O Gran Sol na literatura galega

Antes da publicarse *Antón e os inocentes* no 1976, como xa indiquei máis arriba, Javier Valcarce Ocampo escribiu versos en pleno conflito da Guerra da Traíña na súa obra *Paliques...* (1901). Fóra deste texto e da novela de Méndez Ferrín, non coñezo ningún outro na literatura galega que o recolla. Os traballos de historiadores do mar que tratan ese episodio, que eu saiba, son da década de 1990 e deste milenio.

Polo que respecta ó Gran Sol, na novela *Bretaña, Esmeraldina* (Xerais, 1987), de Méndez Ferrín, hai algunha referencia ó mar de Irlanda («e as traineras cortando o mare céltigo con todo avante, Amaury», 38); e en «Coma un arau corre a tormenta», do poemario *Estirpe* (Xerais, 1994), trata o tema da internacionalización da frota do Gran Sol, con capital galego e doutros países:

Coma un arau corre a tormenta
o racú fantasma, finalmente acóllese
á Buraca do Inferno.

«Eu mirinno en Ons o día de Venres Santo,
inda se lía na ponte: “Norita”».

«E o folio?»

«O folio éralle de Brest, Don José María». (Méndez Ferrín 1994: 52)

As mareas dos barcos galegos no caladoiro do Gran Sol, as augas e os vagallóns do mar de Irlanda son un grande atractivo na literatura galega das últimas décadas, como se ve en Fernández Naval (1999: 41-43, 53-55). Sen afán de ser exhaustivo vou referirme a textos desde a década de 1980 en que está presente este caladoiro e a súa pesca.

7.1. *O Gran Sol na prosa: Os ausentes de Casteltón de Jacobo Barros*

Riveiro Loureiro (1990) escribiu a novela *O Patrón*, onde o protagonista traballa no Gran Sol, nun mar de auga gris-verdeira, «unha auga que tolle a un cando a recibe a carón do coiro. Unha auga que, aínda no verán, corta a un coa súa frieza xelada» (82). Pola súa parte, Carrera (1990) é autor de *Riosil*, crónica dunha marea nas augas desa inmensa chaira submarina que é o Gran Sol. E en *Tic Tac*, de Suso de Toro, figura un relato coa historia do mariñeiro Pepete que leva unha moneca inchable a unha marea nese caladoiro (Toro 1993).

A épica do mar de Irlanda tamén aparece en «Porcupine», décimo estralo de *Fumareu*, de Xurxo Souto (1997), protagonizado polo mariñeiro de Corme Serafín Mourelle²⁴ que, como nas antigas lendas, achou no Gran Sol a súa cidade asolagada:

No medio do Atlántico, ao oeste de Irlanda, érguese a grande montaña submarina de Porkupine, en inglés «a pena do porco-espiño». Alí chegou, buscando novos regueiros no mar. «Porkupine ou a Cordilleira dos Andes, como eu lle dicía. Fun largando aparello, rachando as redes contra eses penedos, ata que atopei os carreiros no mar. Cruzar as montañas de Porkupine foi para min como aqueles pioneiros que foron descubrindo, que foron abrindo camiños polas montañas dos Andes». (Souto 1997: 83)

²⁴ Xa falei del antes por ser unha das historias de vida de Piñeiro de San Miguel / Gómez Blanco (2008: 45-58).

Anos despois, publicou a colectánea de relatos *Contos do mar de Irlanda* (Souto 2014), crónica con algúns recursos de ficción. A segunda parte, «Unha marea no Gran Sol», comeza coa transcripción do relato dunha marea do 1973 da autoría de Manuel Martínez Santomé, de Aldán, xefe de máquinas do *Ría de Aldán*, que termina deste xeito:

É fácil ser mariñeiro do Gran Sol, verdade?... Traballas dezaseis ou máis horas ao día, e o cabo de dezaseis ou dezaioito días retornas a porto. Con dúas mareas así xa podes ir cobrar as túas catorce ou dezaseis mil pesetas, e como dicía o popular «Joe Rigoli»: «¡En ná, millonario!». (Souto 2014: 86)

Os ausentes de Casteltón (Sotelo Blanco, 2005), obra póstuma do biólogo Jacobo Barros en que me deterei a seguir, é a crónica dunha marea no Gran Sol que, en certo modo, o é da pesca de altura por incluír referencias a outras pescarías (Terranova, Namibia, Malvinas, Boston...). Tamén no 2005 o biólogo Xabier Paz editou *Follas de bacallau*, especie de diario de a bordo, memorias e crónica da pesca que dese peixe fan mariñeiros galegos nas augas polares do arquipélago noruegués de Spilbergen «entre placas de xeo, nunha latitude que nin sequera vén nos mapas», e tamén en Terranova. No 2004 aparecera *Terranova. Memorias dun mariñeiro*, do incansable viaxeiro Mario Franco que, despois de varias campañas nun bacaloeiro na década de 1950, relatou a vida a bordo dos bacaloeiros galegos nas augas canadenses.

A obra de Barros é o froito da súa experiencia como biólogo en diversos caladoiros e da convivencia con mariñeiros da pesca de altura. Valéndose, sobre todo, dos diálogos cos tripulantes en que respecta o seu xeito de falar, o autor logra transmitirnos a dureza e a vida escrava dos mariñeiros no Gran Sol, «con días, semanas, nun limbo sen presente, consumidos pola marusía e pola ausencia», sen domingos nin festivos.

O cansazo é o principal problema, por soportar un ritmo de traballo de tolos; e no caso de embarrar e romper o aparello, xa se encadea un lance co outro:

Soaron as tres chamadas e as súas estridencias caeron sobre nó-los dous como unha pesada lousa. Sen necesidade de que Tinso me explicara nada, decateime perfectamente do que acababa de acontecer: Embarre. Os homes, que acababan de deitarse, non tiveran apenas tempo de quencer as mantas do catre, cando xa os chamaban de novo para se enfundaren os traxes de augas, aínda húmidos e fríos coma o mar que nos levaba. (Barros 2005: 186)

Moita da dureza tamén se debe á avaricia de patróns de pesca e armadores por excedérense pescando de máis. Falan entre si os mariñeiros de como botaron os galegos dos caladoiros de Suráfrica e doutros caladoiros e da sobreexplotación da pesca, tirando con toneladas de peixe ó mar:

—Porque eramos uns moinantes. Igual metíamos a bordo unha sacada das boas, con vinte ou trinta toneladas de merlusa e, por ves de atravesar o barco e esperar a que os homes acabaran de traballar o peis no parque e estibalo na bodega, o Pesca —porque son así de gholosos e de burros, tanto pescas coma armadores—

mandábache larghar outra ves, e veña a poñer un condón²⁵ e outro condón e, ás tres horas, outra copada de peis, cando aínda tiñamos o pantano medio cheo... [...]

¿E que mandaba faser o tipo cando che chegaba o seghundo lanse? Escollía as pescadillas máis grandes do lanse anterior, e a palear o resto do peis pó mar pa deixar sitio ó fresco. Des, quince ou máis toneladas de pescadilla de primeira calidá estragadas, aboiando polo mar adiante. (Barros 2005: 292)

–Non sei de canto tempo atrás estades falando vós –falou Carlos–, pero hos en día, coa pota nas Malvinas, aínda se fai así. ¡Mi má! ¡Cantas toneladas temos estragado por xuntar dous lances!

–En Terranova, no Ghran Sol, nas Malvinas... Traballar arreo matando no peis. ¿Total para que? Pa inundar o mercado, presios polo chan... salarios de fame. ¡Para iso nos valía! (Barros 2005: 293)

Aquela loita de clases no Gran Sol de que deu conta Méndez Ferrín na novela e Dionísio Pereira nos seus estudos, parece que na pesca da altura de hoxe se foi co vento:

Os mariñeiros escoitábannos como quen escoita falar ó vento, nós estábamos para obedecer as ordes e deslomarnos no traballo e punto ¡Que a nadia dos mariñeiros se lle ocurriña dirixirlle a palabra a un oficial! Pedirlle contas ó Pesca era como pedirllas a Dios [...]

«Os galegos somos a peste do mare», dá pena disilo pero non hai outra. Todo canto nos faghan témolo meresido e hai que roelo. (Barros 2005: 293)

7.2. *O Gran Sol na poesía: Transfusión oceánica de Xosé Iglesias*

En *Balada nas praias do oeste* (Sotelo Blanco, 1985), de Manuel Rivas, figura o poema titulado «O Grand Sole» (Rivas 1985: 89):

Esta é a nau do home,
o ventre amador que sulca a friaxe doce do infortúnio,
que se ergue solemne no berro do naufráxio
e que xime,
ateigada do extraño continente que arvorea no vento.

Esta, a que sulca, é a nau do home,
a grafía de prata que aproa con angúria,
o silente estoupido da súa fame irredenta,
o coitelo que agroma nas cumes do sargazo.

Esta que deita cando todo treme,
esta que asalta cando todo dorme,
esta que alenta na pel breve do mastro, das aves que te siguen.

²⁵ O condón é «unha malla máis fina, ilegal sempre, que se lle mete ó saco por dentro, como se fora unha funda, para que o peis miúdo non escape» (Barros 2005: 292).

Esta é a nau,
a nau do home,
ventre amador que sulca na mar brava.

En *Baleas e baleas*, de Luisa Castro (1988), danse dúas visións complementarias da Galicia do mar, a dos homes, obrigados a achegarse a Irlanda na procura do peixe; e a das mulleres da conserva, explotadas no traballo e utilizadas na casa. Na sección primeira «Derradeira viaxe en bicicleta de Nevermore» emerxen Irlanda e a pesca no seu mar, xa desde o poema inicial que reproduce parcialmente:

Todo me dá voltas.
Irlanda está lonxe coma ti, equidistantes
do meu corazón que non vos ama.
Na neveira do barco entre xulianas, esquencido
no pau macho
o meu corazón cóntase entre os animais
máis lentos do bosque. [...]

De lonxe
nin Irlanda nin ti:
o meu estómago non vos ama. Amañece con sigas
e iso é todo.
E rápido pero cobarde. (Castro 1988: 13)

No primeiro dos «Sete poemas sobre leóns» da sección terceira, está presente o home no Gran Sol: «Dun lado está a miña cabeza, | do outro está meu pai pescando peixe espada | nas costas irlandesas, nas xeadas augas onde meus abós | tiñan novísimas amantes» (Castro 1988: 65).

No poema «Contrabando de amigo», de Antón Reixa (1994), escrito para o grupo musical Na Lúa e cantado por Uxía, a moza da cantiga de Mendiño segue «atendendo seu amigo» na illa de San Simón, preto da ponte de Rande, mentres o namorado presuntamente andaba nunha marea no mar céltico:

Sentada estou na illa de San Simón
esperando, meu amigo, aí, que volvas do Gran Sol
e pola ponte de Rande van e veñen sen parar
moitos coches, meu amigo, que non veñen do Gran Sol.

O amigo andaba ó *fume* e ás drogas, posiblemente á *fariña*:

Mentiches meu amigo, mentiches meu amor
mentira meu amigo, ti non fuches ó Gran Sol
contrabando de tabaco e de drogas de drogar
amor de batea o que ti me queres dar.

E a amiga toma a determinación de non quedar sentada agardándoo:

Sentada non vou quedar, non vou mirar para atrás
pola ponte pasan coches, non son estatua de sal
contrabando o que ti fas, ti non pescas no Gran Sol
mellor así que no Pérsigo naufragar. (Reixa 1994: 198)

Xosé Iglesias, mariñeiro de Cee, hoxe patrón e armador dun barco de baixura de nove metros que amarra en peiraos da Coruña, traballou como patrón de costa e de pesca no caladoiro do mar céltico:

Estiven, ademais, catro anos traballando no Gran Sol, onde hai uns temporais terribles. E cando estás alí arriba, no medio da treboada, buscas a beleza dentro do inferno. A nosa profesión é tan dura, que non é raro que teñamos esa necesidade de buscar a beleza. [...] A un día e medio en barco da Coruña, no suroeste de Irlanda, está o Gran Sol. Chámase así non porque haxa moito sol, que moitas veces non sae o sol en toda a semana. O nome vén de Grand Sole, que significa grande linguado. (Dopico 2017)

Traballou na moi perigosa zona do Rockall, un con perdido entre Escocia e Islandia:

A seis días da Coruña está o Rockall, un peñón rochoso no Atlántico Norte, que é onde se forman as ondas máis grandes, de ata 20 metros. Traballar alí era como vivir nunha ruleta rusa. Eu ía de patrón, non traballaba na cuberta, pero estar alí 80 días seguidos, con temporais, traballando seguido, con só 7 horas para durmir, era tremendo. É moito tempo de soidade, –chamar á casa é moi caro–, nun barco no medio do mar... (Dopico 2017)

E no duro traballo no Gran Sol foron xerminando poemas que aparecerán no seu primeiro poemario, *Transfusión oceánica* (Iglesias 2014)²⁶, cun limiar de Xurxo Souto, para quen os versos «arrecenden a peixe fresco (algúns naceron hai moi poucos meses). Mais en rigor Xosé comezou a escribir o libro na infancia, o mesmo día que foi por primeira vez ao mar».

En palabras de Souto, trátase de «alta literatura do mar, feita polo talento de quen anda ao mar», pois «Xosé non describe o mar. Ao revés. É o propio océano quen o conforma, quen define con foulas a silueta do seu ser. Paisaxística, non. Poesía cósmica, onde a voz do autor é só unha vibración do propio universo que lle dá vida» (Iglesias 2014: 8).

²⁶ Na dedicatoria que me fixo do poemario escribiu: «Aquí estes versos que nasceron no mesmo cerne | da costa da morte e subiron alén do Gran Sol. | somos mariñeiros, | ninguén manda en nós máis co vento!!!». A sinatura é do 26 de marzo do 2016, en Cambados, despois do acto *A salitre en verbas* do que fun o presentador, con intervencións da cambadesa Mari Sanmar (peixeira e blogueira) e do propio Xosé Iglesias.

Oito poemas aparecen agrupados co título «Grande Sole»²⁷, entre os que figura «Non hai silencio» (Iglesias 2014: 27), que reproduzo na súa integridade:

Afúndense os versos
 nos marcos invisíbeis do medo
 As metáforas dos ventos
 afóganse en espuma branca
 Esvaécense nos tremores
 involuntarios das amuras
 As palabras agóchanse
 na consciencia inqueda dos mortais
 Péchanse os *portillos* sonoros da voz
 Pero non hai silencio no Gran Sol
 Non hai socairo nos costados
 Nin tinta nos cadernos dos poetas
 Reventa o mar no horizonte
 Eclosionan as ondas
 no parto inmortal das borrascas
 No mesmo útero da singradura
 latexan pulsos apocalípticos
 entre os fráxiles mamparos de ferro
 Repousan os corpos
 nas entrañas de catres ingrátidos
 namentres que a proa
 acoitela co puñal da sorte
 o rumbo verdadeiro cara o abismo

Nin hai silencio no Gran Sol, nin na narrativa nin na poesía galegas se fixo o silencio sobre el nas últimas décadas. Do feroz ruído deste caladoiro e do seu resón no peito aterecido dos «homes de ferro en barcos de madeira» que explotaron a súa riqueza pesqueira dan conta o feixe de títulos ata aquí recollidos.

8. Cabo

Logo do percorrido polos mares de *Antón e os inocentes*, inspirado na miña lectura e en posteriores relecturas desta obra «inexistente» de Méndez Ferrín, partindo de Vigo e do seu mar, ó que me acheguei da man dos protagonistas da novela, Narda e Berto, e logo de que este me guiase polo mar da Arousa, onde me mergullei seguindo o relato histórico da Guerra da Traíña, ata recalar no Cantábrico, no porto

²⁷ Nos versos destas composicións sempre emprega o sintagma Gran Sol. Un dos poemas titúlase «O gran linguado».

de Pasaia, desde o que vin partir cara ó Gran Sol os mariñeiros galegos que se asentaran en Trintxerpe, cando «a Arousa levou áncoras» tras o triunfo do capital no conflito entre o xeito e o cerco de xareta, e tras escoitar o testemuño dalgúns dos «homes de ferro» que traballaron nese farturento caladoiro do Atlántico norte, ó suroeste da costa irlandesa, e seguir a pegada dunha gavela de voces narrativas e poéticas que o inmortalizaron nas páxinas da nosa literatura, logo deste sinuoso periplo, creo poder afirmar que no ronsel daquelas páxinas de Méndez Ferrín que viron a luz por primeira vez no 1976, pouco lidas daquela e das que apenas se escribiu nada, hoxe contamos con ensaios, crónicas, relatos, novelas e poemas que teñen eses mares, os seus conflitos e os seus lances, como indiscutibles escenarios, protagonistas, desafíos e metáforas.

Non quería rematar a miña contribución a este número da revista *Cumieira das Letras* con novas perspectivas arredor da lingua galega e da literatura do autor de *Antón e os inocentes*, sen traer ás súas páxinas un proxecto moi querido por el. En marzo do 1990 comezou a súa singradura *A Trabe de Ouro*, da casa armadora Sotelo Blanco, con Xosé Luís Méndez Ferrín como patrón. Despois de anos de intensa navegación, con travesías con vento pola popa e outras pola proa, o que obrigaba a bolinar, no inverno do 2015-2016 unha *vagha de mar campal*, como chaman os mariñeiros de Fisterra a onda xigantesca producida polo mar de fondo, houbo afundir *A Trabe de Ouro*. Logo dun tempo no carro para arraxala, a finais do verán do 2017, a nao galega de pensamento crítico continuou a súa singradura, agora coa armadora Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, pero co mesmo patrón marcando de novo o rumbo na procura do coñecemento e da liberdade, na procura da arelada (e nunca acadada) trabe de ouro.

Síntome moi afortunado por formar parte da tripulación d'*A Trabe de Ouro* desde a súa botadura ata o día de hoxe, o que me permitiu atracar en portos descoñecidos e gozar da amizade e do inmenso saber dunha persoa que sempre intentou ir máis alá.

Fefiñáns (mar da Arousa)

Primavera de outono do 2024

Referencias bibliográficas

- Barros, Jacobo (2005): *Os ausentes de Casteltón*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Blanco, Carmen (1994): «A espiral permanente: aproximación literaria á figura de X. L. Méndez Ferrín». *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1993, 11-45.
- Blanco Casás, Antón (2018): *Antón e os inocentes, de Méndez Ferrín: o proletariado galego como suxeito literario e político*. Universidade de Santiago de Compostela. Traballo de Fin de Grao. Repositorio Minerva da Universidade de Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10347/18132>

- Blanco Casás, Antón (2020): «*Antón e os inocentes*, de Méndez Ferrín. Unha concepción internacionalista da Galicia contemporánea desde Vigo e o seu mar», *Abriu* 9, 177-201. DOI: 10.1344/abriu2020.9.10
- Calo Lourido, Francisco (1980): *As artes de pesca*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Carrera, Valentín (1990): *Riosil. Unha marea no Gran Sol*. Vigo: Xerais.
- Castro, Luisa (1988): *Baleas e baleas*. Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán.
- Del Caño, Xosé Manuel (2005): *Conversas con Méndez Ferrín. Historia, literatura, nación*. Vigo: Xerais.
- Dopico, Montse (2017): «Xosé Iglesias: “Escribo porque me gusta o mar e por necesidade de berrar pola frota galega, asfixiada polas políticas europeas”», *Praza Pública*, 30/04/2017 <https://praza.gal/cultura/xose-iglesias-lescribo-porque-me-gusta-o-mar-e-por-necesidade-de-berrar-pola-frota-galega-asfixiada-polas-politicas-europeas/> [consultado o 06/09/2024].
- Fernández Casanova, Carmen (1988): «Cambio económico, adaptación e resistencias nos séculos XIX (dende 1870) e XX», en C. Fernández Casanova (coord.), *Historia da pesca en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca de divulgación, 139-206.
- Fernández Naval, Francisco Xosé (1999): *O mundo da pesca na literatura galega*. Oleiros: Centro de Documentación Domingo Quiroga Casa da Xuventude. Concello de Oleiros.
- Giráldez Rivero, Jesús (1996): *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Iglesias, Xosé (2014): *Transfusión oceánica*. Malpica: Caldeirón.
- Méndez Ferrín, X[osé] L[uís] (1976): *Antón e os inocentes*. Monforte de Lemos: Xistral.
- Méndez Ferrín, X[osé] L[uís] (1986 [1976]): *Antón e os inocentes*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Méndez Ferrín, X[osé] L[uís] (1989 [1988]): «Diálogo de Lampetusa e Sponsor. Sobre a cara e o envés da cidade de Vigo», en B. Ledo (ed.), *Vigo – fronteira do alén*. Vigo: Ir Indo, 6-49.
- Méndez Ferrín, X[osé] L[uís] (1994): *Estirpe*. Vigo: Xerais.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2019 [1976]): *Antón e os inocentes*. Edición e introdución de Antón Blanco Casás. Vigo: Xerais.
- Pereira, Dionisio (1998): *Sindicalistas e rebeldes. Anacos da historia do movemento obreiro na Galiza*. Vigo: Promocións Culturais Galegas. A Nosa Terra.
- Pereira, Dionísio (2010): *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*. Vigo: Xerais.
- Piñeiro de San Miguel, Esperanza / Andrés Gómez Blanco (2004): *Homes de ferro en barcos de madeira. Aqueles pescadores de A Coruña*. Puerto de A Coruña. Autoridad Portuaria de A Coruña / Caixanova.

- Piñeiro de San Miguel, Esperanza / Andrés Gómez Blanco (2008): *Por todos os mares do mundo. O prodixio da pesca en Vigo*. Fundación Caixanova / ARVI. Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo.
- Ramallo, Fernando (2020): «De arquivos, memoria e literatura política: a recuperación da novela *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro* de Xosé Luis Méndez Ferrín», *A Trabe de Ouro* 114, 87-97.
- Reixa, Antón (1994): *Viva Galicia Beibe (Cancións 1982-1994)*. Santiago de Compostela: Positivas.
- Rivas, Manuel (1985): *Balada nas praias do oeste*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Riveiro Loureiro, Manoel (1990): *O Patrón*. Vilaboa: Cumio.
- Salgado, Xosé M. / Xoán M. Casado (1989): *X. L. Méndez Ferrín*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Souto, Xurxo (1997): *Fumareu. Enkontro brutal*. Vigo: Xerais.
- Souto, Xurxo (2014): *Contos do mar de Irlanda*. Vigo: Xerais.
- Toro, Suso de (1993): *Tic Tac*. Vigo: Xerais.
- Valcarce Ocampo, Javier (1901): *Paliques. Coleución de parrafeos en verso gallego publicados n'ó «Eco Marinense», semanario de Marín, en defensa d'a nobre clás mariñeira d'as Rías Baixas de Galicia, con motivo d'a loita en contra d'as traíñas, por un xeiteiro*. Pontevedra: Imp. y Comercio de R. Quintáns.